



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2009.**

<b>Sres. Asistentes:</b> <b>Sr. Alcalde:</b> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. <b>Sres. Concelleiros:</b> D. FRANCISCO GARCIA PREGO. D. JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO. Dª ANA MARIA FERNANDEZ COIRA. Dª VICTORIO MONTENEGRO PAZ. D. JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ. D. FRANCISCO ECHEVARRIA LAGE. D. FERNANDO OTERO PRIETO. Dª JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. Dª MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. MANUEL RODRIGUEZ DOVAL. Dª BELEN ABEAL PEREZ. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ.  <b>SR. SECRETARIO:</b> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e nove minutos do día vintecatro de setembro de dous mil nove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúñese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.  Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

### **PUNTO NÚM. 1.- APROBACIÓN SE PROcede DAS ACTAS DE SESIÓNs ANTERIORES (26-03-09**

**12-05-09, 28-05-09 (mesas), 25-06-09).-**

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestar a súa aprobación as actas das sesións correspondentes os días 26 de marzo de 2009, 12 de maio de 2009, 28 de maio de 2009, e 25 de xuño de 2009.

### **PUNTO NÚM. 2.- DAR CONTA DA SETENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2. DE A CORUÑA DE 09-09-2009.-**

Dada conta da Sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 de A Coruña, de 09-09-2009, na que se emite o seguinte **FALLO**:

“ Que desestimando las pretensiones deducidas en el presente recurso contencioso-administrativo, debo declarar y declaro la conformidad a derecho de los actos administrativos recurridos, que, por tanto, debo confirmar. Sin efectuar expresa condena respecto de las costas procesales.”



Interven o Portavoz do Grupo Popular Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que quere intervir para felicitarnos desta sentencia, porque creo que o motivo polo cal se colocaron as cámaras foi para a vixiancia das paredes do Concello, non foi coa intención de vixiar a ninguen, ian nada mais que dirixidas a vixiar as paredes para evitar os "graffittis", dicir que o primeiro dia que quitamos a valla de atrás xa colocaron unha pintada, e ainda tendo as paredes anti-graffittis costou moito traballo quitalas, podemos dicir non como outros que o Concello desde que se inaugurou as paredes están en boas condicións, nos debemos de alegrar todos deso, e a intencionalidade das cámaras é velar pola limpeza das paredes do Concello e non vixiar a persoas.

O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO NÚM. 3.- DELEGACIÓN INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR DENUNCIAS DE TRAFICO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.-**

Polo Sr. Alcalde, manifestase que tratase de continuar consorciando a tramitación de numerosos procedimentos cos servicios da Deputación Provincial, en súa actividade de apoio os municipios, a administración da Deputación prestar servicios moi importantes ós Concellos e na tramitación do que todos expedientes relativos as multas nestes momentos se está realizando no Concello, temos soamente tres policías locais e estes non poden estar todo o día na oficina facendo papeleo, os policías locais teñen que estar pola rúa, en consecuencia hai que eximilos de cantas mais horas posibles de papeleo, porque o reclaman os veciños e a presenza dos policías locais nas rúas e non nos despachos tramitando expedientes.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Popular Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que o seu grupo vai a votar favorablemente, a política que nos viñamos seguindo era delegar na Deputación todos os cobros que viñamos facendo e un máis, e me alegro que si non hai outras intervencións que sexa por unanimidade, pois esto non había pasado nunca.

Interven o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, quen quere simplemente dicir que esta de acordó totalmente e que vai a votar que sí, e un servicio novo que puxo a Deputación a disposición dos Concellos, entendo que en canto á tramitación do expediente, según parece o que se desprende da documentación que hai ó respecto o coste vai a ser gratuito para o Concello, e que é unha boa medida nos axiliza traballo no Concello e polo tanto, a calidade e o servizo que ven prestando a Deputación no cobro das diferentes taxas sa vemos o éxito que casi está no noventa e pico por cento, polo tanto creo que é unha boa medida o delegar este servizo unha vez mais.

Sometido o asunto a votación o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia:



**1º.- Aprobar provisionalmente a Delegación de Competencias na Instrucción dos expedientes sancionadores por infracción da normativa sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.**

**2º- Someter o presente acordo a información publica por espacio de 30 días hábiles, mediante a publicació de Edicto presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, significando que no caso de non presentarse reclamacions o presente acordó elevarase a definitivo.**

**PUNTO NÚM 4.- DESIGNACIÓN DE FESTIVIDADES LOCAIS ANO 2010.-**

Dada conta da proposta efectuada pola Concellería de Cultura do Concello de Ares, vista na Comisión Informativa de data 18 de setembro de 2009, para designar como festividades locais para o ano 2010 no Concello de Ares as datas: Mercores de Cinza, 17 de febreiro de 2010 e a festividade do Voto de Chanteiro 25 de maio de 2010.

**O Pleno do Concello de Ares, por unanimidade acorda:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a desingación das datas Mercores de Cinza, **17 de febreiro** e a festividade do Voto de Chanteiro **25 de maio de 2010**, como festividades locais de carácter retribuido e non recuperable no ámbito do termo municipal do Concello de Ares para o ano 2010.

**PUNTO NÚM. 5.- APROBACIÓN ORDENACION MUNICIPAL DE INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS POR TRANSMISIÓN RECEPCIÓN DE ONDAS RADIOELECTRICAS.-**

O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que Ares ten unha carga importante que non pode pasar desapercibida, no que é ámbito radioeléctrico, simplemente unha mirada en Montefaro ou en Lubre o en Os Castros, pon de manifestó a existencia dunha serie de instalacíons que carecen de licenza, e ademáis de carecer de licenza, carecen tamén dun proxecto explicativo autorizado polo Concello, eso determina que as autoridades municipais, e cando digo autoridades digo absolutamente todos desde a Policia Local ata o Alcalde e calquer concelleiro, descoñece a intensidade das emisións desas antenas, ademáis para que sirve cada antena en consecuencia non podemos informar das cada vez máis numerosas cuestiós que se plantexan sobre a salubridad ou non desas instalacíons por parte de numerosos veciños. Efectivamente en xunta de portavoces se presentaron duas ordenanzas, unha ordenanza cunha intervención mínima que consiste simplemente en instar a cada unha das empresas titulares desas antenas a súa legalización, dita legalización consiste en presentar un proxecto técnico, e solicitar licencia, e como contido dese proxecto técnico figurán unha serie de datos importantes relativos as emisións, o tipo de magnitud das emisións, a actividade se potencialmente afecta ó medio e demás, e a outra ordenanza é unha ordenanza más amplia, unha ordenanza moito más incisiva, onde se contempla dunha maneira más amplia a normativa aplicable a este ámbito, posiblemente deberíamos empezar por unha ordenanza pequena xa que non temos experiencia neste ámbito, si sabemos que hai unha necesidades, e o mellor sería bo empezar pola ordenanza que as legaliza e as obriga a presentar un proxecto que terá que ser valorado



pola Comisión de Urbanismo e en consecuencia sometido a concesión preceptiva de licencia, e logo posiblemente dar o salto a unha ordenanza moito máis garantista e moito mais intervencionista, en calquer caso efectivamente na xunta de portavoces estes manifestaron a súa opinión que pode ser reproducida aquí no Pleno.

Aberto o turno de intervencións, intervén o portavoz de NAL, Sr. Luis Cendán Fernández, abundando no manifestado na Comisión, que ven sendo prácticamente o que pensan todos os portavoces a este respecto, que é un tema que carecía dunha regulación específica a hora de facer unhas reclamacións e sobre todo nos últimos anos que acamparon a suas anchas, nos veíamos nun día tras outro que se instalaba unha antena sen pasar polas dependencias municipais, sen permiso de obra e ningún tipo de licencia e sobre nin comentalo obiendo á Institución ó Concello neste caso, como si non houbera pasado nada, nun terreo municipal se ubicaba unha antena e aparte de todas as consecuencias que podían producir a respecto de contaminación e doutro tipo de cuestións moi importantes non había unha lexislación ó respecto, o problema que lle vexo a esto e ante os antecedentes que a todas nos obran, é un asunto que non ten unha lexislación específica, a nivel nacional non ten unha base sólida para que os Concellos podamos facer unha ordenanza para tratar de evitar este tipo de cuestión e polo tanto sabemos que é unha situación bastante complexa e sobre todo difícil, como se ben se dixo hai infinidade de recursos feitos ás ordenanzas que se publicaron, concretamente se puxeron dous exemplos, un deles ven aquí no expediente que é o caso de Cordoba que foi recurrida, e o caso do Concello de Ferrol que todos coñecemos, polo tanto non é unha situación fácil á hora de lexislar, para o Concello, ten moitas dúbidas, sobre todo un descoñecemento total á hora de regulamentar este tipo de ordenanzas pero estamos de acordo que hai que facer algo ó respecto para tratar de atallar dalgunha forma a instalación de antenas no futuro. Dicir que estou totalmente de acordó co que di o Sr. Alcalde, facer unha ordenanza onde non nos compliquemos moito a vida, sobre todo non demos pe a hora de facer recursos as empresas neste caso, e a outra maneira esa e a miña opinión, que o ser moito más amplia vai a dar opción a presentar recursos polas empresas, polo tanto en definitiva eu estou de acordo en aprobar a más básica polas razóns que xa foron expostas.

Interven o Portavoz do Grupo Municipal do BNG Sr. Rodríguez Doval, quen di que cree que aquí hai dous debates, un que é polo que discutimos na Xunta de Portavoces, estamos coincidentes que é o debate de fondo, que evidentemente o noso Concello ten unha singularidade que posiblemente do que eu coñeo sexa o único na instalación de tantos ferros e antenas en tan pouco espacio de terreo, e certo que efectivamente non é so un problema das causas que pode haber no sentido da saúde pública, é un debate, ou no sentido de que non pedirán a previa licencia que é outro debate, ou no sentido incluso que non xeneren economías que poidan revertir no Concello, cando moitas delas están facendo unha actividade económica clara e evidente, e ademáis nos vai o bolsillo a alguns, senón que tamén é un



problema de carácter urbanístico, fundamentalmente, porque temos quizais a zona máis privilexiada do Concello totalmente izada de toda unha serie de trebellos que están nas condicións as que antes me refería, desde ese punto de vista que é o trasfondo, nos avogamos porque o Concello defina urxentemente e dunha maneira exticta, porque temos unha situación complexa, e vamos a ter que facer unha ordenanza que aborde esta situación porque non estamos falando aquí, de que se nos instale unha antena e queiramos regular as doce que poden vir, creo que xa non caben moitas más antenas alí, xa temos de todo, debe de haber me parece que trece neste momento, polo tanto nese sentido pareceme lóxico que se produza esa política de racionalización e de posta en Orden, tamén como digo, para nos tamén é un problema urbanístico, por certo que efectivamente a anterior administración autonómica predicou co exemplo e como todos sabemos, a líneade wimax que temos funcionando para a zona de Cervás e Chanteiro xa esta ubicada nunha antena que xa estaba instalada que é a de RETEGAL, co cal hai unha política que creo que é por onde nos debemos de ir, o segundo debate é o modelo de ordenanza, efectivamente aquí se nos presentan dos modelos, unha ordenanza sinxela e outra ordenanza más complexa e más exticta, e despois se acudimos ó mundo de INTERNET podemos ver efectivamente que hai numerosas regulacións que estableceron alguns Concellos do Español a respecto deste tema, e o anterior Portavoz que me precedeu fixo alusión a algo que creo que é unha consideración que temos que facer, en calquera das hipótesis vamos a ter recursos das empresas operadoras, porque efectivamente hai houbo unha terra de nadie na que fixeron o que lles deu a gana. Eu creo que o que non é igual é que aprobemos unha ordenanza ou outra na medida en que teñamos mais ou menos seguridade xurídica, non se trata de facer a ordenanza perfecta, nin de facer unha ordenanza que non no la recurran, porque eu creo que en todo caso teríamos recursos, tratase de facer a ordenanza que teña más seguridade cotexando, mirando, e así vai a posición que nos vamos a manter, nos recibimos esta documentaicón a semana pasada, tuvemos estes catro días para analizar os documentos, tampouco non somos grandes expertos desde o punto de vista de as telecomunicacións nin desde o punto de vista xurídico, pero si nos gustaría que houbera unha cautela, e que puliramos ó máximos aqueles aspectos onde poidamos presumir que nos poidan presentar algún tipo de recurso afirmando de que vamos a telos de todas as maneiras, nese sentido nos apostamos por unha regulación exticta, moi traballada porque temos un problema moi gordo, que ali hai unha casuística que so a resolvemos poñendo orde dalgunha maneira porque todos sabemos como está aquello, pero o mesmo tempo baixo esa seguridade que lle queiramos dar pensamos que debemos ter esa cautela, nese sentido nos vámonos a abstener na votación deste punto, tampouco non se presuma aquí que nos queremos deixar este tema, en todo caso decimos unha cousa, hai cousas que teñen o seu tempo, posiblemente no alargamento en quince días para que se poidera mirar o tema mellor tampouco non se acabaría o mundo, sin que eso queira decir que os que dicimos que se ten que estudiar cinco, dez ou quince días máis queremos que eso siga hai, senón porque o debate esta no segundo punto, non no primeiro, no primeiro creo que temos unanimidade, e en todo caso aquí veñen dous modelos, que terán as suas virtudes e polas lecturas que lles fixemos terán algunha



dúbida, nese sentido vamos a manter unha posición de abstención a respecto da votación deste punto.

Interven o Portavoz do Partido Popular, Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que xa se falou todo que se debatiu na Xunta de Portavoces, dicir que había que poñer orde no tema das antenas, o máis grave de todo e que chegabas alí e ninguen daba explicación de nada, decías que baixaran un proxecto da instalación e de como ía ir a antena, e se reian dun, anteriormente o Portavoz do BNG explicou esto foi un cachondeo durante anos, e o obxectivo de todos nos debe ser a ordenación e o control de calquer obra que se fai no Concello, eso temos que telo moi claro que polos menos calquer instalación que se vaia facer, ter coñecemento do proxecto, mirar os prexuzos que pode traer para a saúde, porque eu teño bastantes dúbidas sobre ese tema das antenas, na zona de Cervás-Chanteiro, maioritariamente na Parroquia de Chanteiro, se miras casos, tantos casos cancerígenos nunha parroquia tan pequena como Chanteiro, e creo que eso había que controlalo ben, por parte non so da licencia senón o tema medioambiental e a calidade que pode traer esto ós veciños, eso o debemos de esixir xa, porque eu os pode dicir que se empezades a analizar e mirades de 10 ou 15 anos para aquí veredes como nunha parroquia tan pequena veredes os casos cancerígenos que se deron, eu teño as miñas dúbidas, non podo asegurar nada, pero está claro, é que eso existe, e temos hai unha cantidade de antenas que temos que controlar, e controlar o tema de saúde que pode xenerar na cidadanía. Creo que tampouco vai descabellada a proposta que fai o portavoz do BNG de deixalo 10 días nos coincidimos tamén neso, e non é por poñerlle frenos, e se non estamos de acordo en deixalo este tempo vamos a a apoiar a primeira proposta a máis sencilla, creo que eso hai que ordenalo canto antes, aínda que poidamos deixar para unha segunda oportunidade a ampliación destas ordenanzas, e velaremos por esixir que exista un informe técnico sobre a repercusión das antenas na salubridade da zona.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que por parte do grupo municipal Socialista, non é a primeira vez que falamos deste tema, desde o primeiro momento que tomamos posesión do goberno se lle dixo o Sr. Secretario que había que ordenar o tema das antenas de Montefaro, foi a Policia varias veces, non tivemos ningún de colaboración, nun tivemos ningún tipo de proxecto, non sabemos que antenas hai, non sabemos se afectan ou non á saúde, algunas son antenas dos anos 70 onde os requisitos en materia de saúde medio ambiental non son os de hoxe que son más rigurosos, e non é porque tiñamos a convicción de que é a mellor ordenanza, e que temos a convicción de que vimos todas e os dous modelos que se traen son exemplo do que hai, un modelo que persigue tranquilizar os veciños coa exisencia dun proxecto e da licencia, e dun proxecto que ten que facer referencia obligatoria a datos relativos á incidencia na salubridade, e un proxecto moito más intervencionista que ata efectivamente regula a comunicación por cable, moito más amplio e quizais unha cidade como



Cordoba ten esas necesidades e non un Concello como Ares, por eso vamos a manter a proposta menor, a primeira porque queda aberta a seguir enriquecendoa, agora salirá a información pública co que poderase enriquecer con alegacións por parte dos interesados, e por parte dos veciños sen prexuzo de que sexa un bo comenzó e por parte dos voceiros municipais se poidan facer aportacións sucesivas para enriquécela, en consecuencia a que se somete a votación é a primeira.

O Sr. Alcalde somete a votación a primeira ordenanza que se denomina Ordenanza Municipal de Instalacions de Telecomunicacións por transmisión-recepción de ondas Radioelectricas, en consecuencia e a primera das duas ordenanzas, o máis sobresaínte e que no prazo de seis meses contados desde a súa entrada en vigor, efectivamente o Concello creará un rexistro especial no que se inscribirán todas as instalacións de emisión e recepción dos servicios de comunicación existentes no término municipal de Ares, os efectos de saber exactamente, as que hai, a que se dedican, e a necesidade de haber presentado un proxecto, ademáis na disposición transitoria terceira, se di que as instalacións de telecomunicacións para as que sexa exible un proxecto de implantación establecidas sin autorización antes da entrada en vigor desta ordenanza, que é para todas as anteriores, terán que adaptarse a todo o previsto nela, mediante a tramitación dos necesarios expedientes de legalización, consistentes en su petición de inclusión no oportuno proceso de implantación, e licencia de actividade calificada posterior o Decreto 133/2008 de 12 de xuño, e no seu caso todo no prazo máximo de 6 meses contados a partir da data de entrada en vigor da presente ordenanza. Tratariase de en 6 meses legalizar as que efectivamente cumplimentan todos os trámites, e legalizar efectivamente non podemos obviar, que quen non se legalice vai a ser precintada, se en 6 meses hai antenas que non se adaptaron o Concello de Ares mandará á Policia Local a precinta-las, sexan as antenas que sexan, a partir de hai o Concello de Ares poderá actuar para protexer a salubridade de todos os veciños.

Dada conta do informe do Sr. Secretario de data 18 de setembro de 2009, do seguinte teor literal:

#### **INFORME DE SECRETARÍA**

**ASUNTO : APROBACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL DE INSTALACIONES DE TELECOMUNICACIONES POR TRANSMISIÓN-RECEPCIÓN DE ONDAS RADIOLÉCTRICAS.**



De acordo co ordenado pola Alcaldía, e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se aproba o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

## **INFORME**

**PRIMEIRO.-** O Municipio, segundo dispón o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito da súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantes servizos contribuian a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal.

Asemade, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e sempre dentro da esfera das súas competencias, corresponde a este Concello a potestade regulamentaria e de autoorganización.

No presente suposto o instrumento adecuado para regular a proliferación sen control e desordenada á vez que se carece das mínimas medidas correctores en orde a garantir a saúde dos veciños polas instalacións de telecomunicacións por transmisión-recepción de ondas radioeléctricas é a aprobación dunha Ordenanza municipal, disposición administrativa de rango inferior á Lei, de exclusiva e mellor aplicación neste Concello, que complete a Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións, o Real Decreto 863/2008, de 23 de maio, polo que se aproba o Regulamento de desenrollo da Lei 32/2003, no relativo ó uso do dominio público radioeléctrico e o Decreto da Xunta de Galicia 133/2008, 12 de xuño, polo que se regula a Evaluación de Incidencia Ambiental, dada a súa peculiaridade e a súa diferenciación con respecto a ditas Leis e Regulamentos de ámbito de aplicación máis amplio.



**SEGUNDO.** A Lexislación aplicable ven determinada por:

- Os artigos 4, 22.2.d), 25, 49 y 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- O artículo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións.
- Real 863/2008, de 23 de maio, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 32/2003, no relativo ó uso do dominio público radioléctrico.

**TERCEIRO.** A aprobación das Ordenanzas locales se axustará ó seguinte procedimento:

**A.** Por Providencia da Alcaldía iniciaráse o expediente e se solicitará a elaboración da Ordenanza municipal reguladora das Instalacións de Telecomunicacións por transmisión-recepción de ondas radioléctricas.

**B.** Elaborado e recibido o proxecto de Ordenanza, corresponderá a aprobación inicial da mesma polo Pleno (artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), previo Dictamen da Comisión Informativa, e abriráse un período de información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas. O Acordo de aprobación inicial publicaráse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello.



**C.** Concluido o período de información pública, si se han presentado reclamacións e/ou suxerencias, deberán resolverse estas, incorporándose ó texto de la Ordenanza as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ó Pleno, de conformidade co disposto polos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, previo Dictamen da Comisión Informativa.

**D.** No supusto de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial da Ordenanza no prazo de información pública, entenderáse definitivamente adoptado o Acordo ata entón provisional, extendiéndose por esta Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

**E.** O Acordo de aprobación definitiva (expresa ou tácita) da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local.

**CUARTO.-** A Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións, dentro da articulación de competencias deste sector nos seus artigos 28, 29 e 30, consolidou a doutrina que tabto na lexislación anterior como (e muy fundamentalmente) na xurisprudencia, recoñeciu unha potestade normativa local neste materia. Así cabe recordar que tamén a Carta Europea de Autonomía Local, con referencia ás instalacións de servizos de telecomunicación, establece que as Corporacións Locais poden fixar as condicións técnicas e xurídicas relativas ó establecemento ou ampliación do operador ou concesionario de servizos de telecomunicación.

**QUINTO.-** En base ós preceptos citados, vense admitindo que os Concellos son competentes, a través dos correspondentes instrumentos urbanísticos e



ordenanzas, para impoñer as condicións e medidas das instalacións medioambientais, sanitarios, etc., mediante unha regulación autónoma (**Sentenza do Tribunal Supremo de 15 de decembro de 2003 –LA LEY JURIS: 372/2004-**). Neste senso, as **Sentenzas do Tribunal Supremo de 24 de Janeiro de 2000 e de 18 de xuño de 2001 –LA LEY JURIS: 2740/2002** declararon que os Concellos teñen unha competencia plena para a regulación dos temas urbanísticos nos termos en que así o recoñeza a legislación para a protección dos bens de interese histórico-artístico cultural e o medio ambiente.

**SEXTO.-** Unha recente **Sentenza do T.S. de 11 de outubro de 2006**, aborda o tema das competencias dos Concellos para a regulación da localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telefonía móvil; e despois de analizar as diversas normas e resolucións xudiciais, que como sinala o propio Tribunal, é unha materia relativa a unha tecnoloxía en continuo progreso, e dado que as competencias deben de exercerse con suxección á legislación estatal e autonómica, chegando a conclusión de que os Concellos non poden regular aspectos como niveis de referencia sensibles, o establecemento de distancias de seguridade e, a compartición de infraestructuras, nin a regulación con carácter xeral das instalacións e as súas posibles consecuencias si se lles considera actividades clasificadas, toda vez que a súa regulación xa está contemplada na normativa estatal ou autonómica.

**SETIMO.-** Respecto á clasificación previa da actividade en cuestión, ainda cando exista algúun pronunciamento xurisprudencial contrario a esta calificación, encontranse outros (**Tribunal Superior de Xustiza de Valencia de 17 de marzo de 2003, LA LEY JURIS : 1457/2003**) a favor do sometimento a previa licencia de actividade clasificada en base ó principio de precaución e ó carácter non limitativo do nomenclátor do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (RAMIP), aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, e que no caso de Galicia queda suprimido polo Decreto 133/2008, de 12 de xuño, de Avaliación da Incidencia Ambiental que desenrola a Lei 1-1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, aplicándose o devandito Decreto 133."



Sometida a votación o Concello Pleno por 11 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 5 P.P. e 1 NAL) e (2 abstencións do Grupo Municipal do B.N.G.) acorda:

- 1.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal de Instalacións de Telecomunicacións por Transmisión-Recepción de Ondas Radioeléctricas, que figura como Anexo ó presente acordó.
- 2.- Someter esta aprobación inicial a información pública por espacio de 30 días hábiles, mediante anuncio Publicado no Boletín Oficial da Provincia, significando que caso de non presentarse reclamación o presente acordó elevarase a definitivo.

## **ANEXO:**

### **ORDENANZA MUNICIPAL DE INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓN POR TRANSMISIÓN-RECEPCIÓN DE ONDAS RADOLÉCTRICAS**

"A Directiva 1999/5/CE o Parlamento e do Consello de 9 de marzo de 1.999 sobre equipos radioeléctricos e equipos terminais de telecomunicacións significou a concepción dunha nova política en materia de instalación e funcionamento de equipos radioeléctricos.

A liberalización do mercado das telecomunicacións comportou a rápida medra de todos aqueles elementos de telecomunicacións necesarios para prestar un servicio de calidad. Os servicios de telecomunicacións requieren dunha infraestructura que afecta directamente ao territorio. O proceso de implantación das diferentes operadoras e a rápida medra do mercado están a crear unha serie de disfuncións que provocan a necesaria intervención da Administración Local.



Os municipios teñen que intervir neste proceso en función das competencias das que disponen en materia urbanística e medioambiental recoñecidas nos artigos 25, 26 e 28 da Lei 7/1.985, de 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta Ordenanza pretende regular non só as instalacións actuais de soporte á telefonía móvil se non tamén outras tecnoloxías que poidan aparecer no futuro e que supoñan un incremento no número de instalacións respecto do sistema actual. Neste sentido a Administración ten que favorecer aquelas infraestructuras que produzan un menor impacto visual e ambiental sobre o entorno e non representen un risco evitable para a saúde. Da Ordenanza son destacables os seguintes puntos:

- A obriga de presentar un Plan Técnico de Desenvolvemento por parte das operadoras que teña a función de prover ao Concello da información necesaria para a toma de decisións.
- Establecer o uso conxunto de infraestructuras entre as operadoras, alá onde sexa convinte.
- Establecer limitacións de implantación por impacto paisaxístico e por criterios históricos ou por obsolescencia tecnolóxica.

En definitiva, a adecuación aos acelerados trocos producidos é razón suficiente para que se leve a cabo a promulgación dunha Ordenanza municipal que cubra unha materia carente de regulación.

## **TITULO I - DISPOSICIÓN XERAIS**

### **Artigo 1.- Obxecto.**

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación das condicións ás que debe someterse o emprazamento, instalación e funcionamento das antenas de telefonía móvil e os seus elementos auxiliares de conexión no exterior no termo municipal de Ares, a fin de que a súa implantación produza a menor ocupación e o mínimo



impacto visual e medioambiental no entorno, preservando o dereito dos cidadáns a manter unhas condicións de vida sen perigo para a súa saúde.

Inclúense as antenas para telefonía móvil, enlaces vía radio e outros servizos radioeléctricos de telefonía pública, en calquera das súas posibles formas.

#### **Artigo 2.- Analogía.**

As normas da presente Ordenanza aplicaranse por analogía aos supostos que non estean regulados e que, pola súa natureza, estean comprendidos no seu ámbito de aplicación.

### **TITULO II - PLANO TÉCNICO DE DESENVOLVIMENTO**

#### **Artigo 3.- Sometemento ao Plan Técnico.**

A instalación de antenas para telefonía móvil, enlaces vía radio e outros servizos radioeléctricos de telefonía pública (estacións base, antenas, os seus elementos auxiliares de conexión e outros elementos técnicos necesarios) estará suxeita á previa presentación por parte das diferentes operadoras de telecomunicacións ao Concello do Plan Técnico de Desenvolvemento do conxunto de toda a rede dentro do termo municipal.

#### **Artigo 4.- Contido do Plan Técnico.**

O Plan Técnico haberá de tratar de forma motivada e co alcance suficiente para a súa comprensión e análise:

- Esquema xeral da rede con indicación, no seu caso, da localización da cabeceira, principais enlaces e nodos.



- Implantación de estacións base, antenas de telefonía móvil e outros elementos de radiocomunicación existentes.
- Estación base e antenas: nome, zona de ubicación, cobertura territorial, potencia, frecuencias de traballo e número de canais.
- Xustificación da solución técnica proposta no municipio.
- División do termo municipal por zonas de cobertura.
- Previsión das áreas de nova implantación de equipos xustificando a cobertura territorial prevista.

#### **Artigo 5.- Presentación do Plan Técnico.**

A presentación do Plan Técnico farase por duplicado e deberá acompañarse da correspondente solicitude cos requisitos formais de carácter xeral que determina a Lei 30/1.992, de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### **Artigo 6.- Actualización e Modificación do Plan Técnico de Desenvolvemento.**

As operadoras deberán presentar, cando así o requira o Concello un Plan Técnico de Desenvolvemento actualizado. Calquera modificación ao contido do Plan deberá ser comunicada de oficio ao Concello.

#### **Artigo 7.- Solicitude de licencia.**

A partir da data de rexistro do Plan Técnico, as operadoras poderán presentar as correspondentes solicitudes de licencia.

### **TITULO III - LIMITACIÓNOS DE INSTALACIÓN**



#### **Artigo 8.- Limitación na instalación.**

As instalacións de antenas para telefonía móvil deberán utilizar a mellor tecnoloxía disponible no mercado que comporte o menor impacto ambiental, visual e sobre a saúde das persoas.

#### **Artigo 9.- Compartición de emprazamentos.**

O Concello, de maneira xustificada, por razóns urbanísticas, medioambientais ou paisaxísticas, e dando audiencia aos interesados establecerá a obriga de compartir emprazamento por parte de diferentes operadoras.

En todo caso, a obriga de compartir pode desestimarse se as operadoras xustifiquen a imposibilidade técnica ou o Concello considera que o impacto ambiental, visual ou sobre a saúde do uso compartido pode ser superior ao de instalacións de radio comunicación que se pretendan instalar separadamente.

Caso de uso compartido, o custe deberá ser asumido polas empresas operadoras dos servizos. En caso de desacordo entre as operadoras, o Concello exercerá as funcións de arbitraxe se así o consideran oportuno as operadoras.

#### **Artigo 10.- Compatibilidade co entorno.**

Non se autorizan aquellas instalacións de radio comunicación que non resulten compatibles co entorno por provocar un impacto visual, medioambiental ou de salubridade non admisible.

#### **Artigo 11.- Edificios e conxuntos catalogados.**

Os edificios e conxuntos catalogados estarán preservados deste tipo de actuacións. A instalación nos contornos de cautela ou respecto deberá estar especialmente



xustificada en base á imposibilidade da súa situación noutro ámbito debendo contar ademais coa autorización do organismo competente da Consellería de Cultura.

## **TITULO IV – TRAMITACIÓN**

### **CAPITULO I – LICENCIA**

#### **Artigo 12.- Requerimientos para a petición e tramitación das solicitudes de licencias para as instalacións de antenas de telefonía móvil.**

Con independencia de que o titular sexa unha persoa privada física ou xurídica ou un ente público, será preciso obter as previas licencias urbanísticas e de actividade clasificada para a instalación que se proxepte.

A licencia só se poderá outorgar unha vez aprobado o plan técnico de desenvolvemento de instalacións regulado no Título II da presente Ordenanza e sempre que aquela se axuste ás súas previsións ou ás progresivas actualizacións.

A documentación que se acompañará á solicitude, da cal se axuntarán as copias que sexan precisas, se presentará no Rexistro Xeral do Concello. Esta documentación irá acompañada da documentación acreditativa do cumprimento das obrigas tributarias que determinen as Ordenanzas Fiscais Municipais correspondentes.

A documentación constará dun proxecto técnico e a súa correspondente memoria, especificándose o seu contido nos capítulos seguintes.

### **CAPITULO II - PROXECTO TÉCNICO**

#### **Artigo 13.- Competencia e contido.**

O contido do proxecto debe ser o seguinte:



- Datos da empresa.
- Denominación social e NIF.
- Enderezo completa.
- Representación legal.
- Proxecto Básico, redactado por técnico competente e visado polo colexio oficial correspondente, con información suficiente sobre:
  - Descripción da actividade, con indicación das fontes das emisións e o tipo e magnitude destas.
  - Incidencia da actividade no medio potencialmente afectado.
  - Xustificación do cumprimento da normativa sectorial vixente.
  - As técnicas de prevención e control de emisións de radiación non ionizante.
  - Os sistemas de controlo de emisións.
  - Dados da instalación.
- Folla onde se sinalen as características técnicas das instalacións. En todo caso débense facer constar os dados seguintes:
  - Altura do emprazamento.
  - Áreas de cobertura.
  - Frecuencias de emisión, potencias de emisión e polarización.
  - Modulación.
  - Tipos de antenas a instalar.
  - Ganancias respecto a unha isotrópica.
  - Ángulo de elevación do sistema radiante.
  - Abertura do feixe.



- Altura das antenas do sistema radiante.
- Densidade de potencia (microw/cm<sup>2</sup>).
- Plano de emprazamento da antena expresado en coordenadas UTM, sobre cartografía de máximo 1:2000 con cuadrícula incorporada. no plano hanse de reflectir as infraestructuras que teñan incidencia sobre a avaliación ambiental.
- Plano a escala 1:200 que exprese a situación relativa aos edificios colindantes.
- Plano da clasificación e cualificación do chan que ocupa a instalación segundo o Planeamento urbanístico vixente.
- Planos a escala adecuada que expresen a potencia isotrópica radiada equivalente (PIRE) máximo en W en todos os enderezos do deseño.
- Xustificación técnica da posibilidade de uso compartido da infraestructura por outras operadoras.
- Aqueles outros documentos esixidos pola lexislación vixente en materia urbanística e medioambiental.

### **CAPITULO III - MEMORIA DO PROXECTO**

#### **Artigo 14.- Contido.**

O contido da memoria do proxecto técnico deberá ser o seguinte:

Os cálculos xustificativos da estabilidade desde un punto de vista estructural cos planos constructivos correspondentes.

Xustificacións da utilización da mellor tecnoloxía no que se refire á tipoloxía e características dos equipos para conseguir a máxima minimización dos impactos visual e ambiental.



A descripción e xustificación das medidas correctoras adoptadas para a protección contra descargas eléctricas de orixe atmosférico e para evitar interferencias electromagnéticas con outras instalacións.

Documentación fotográfica, gráfica e escrita, xustificativa do impacto visual, que exprese claramente o emprazamento e o lugar de colocación da instalación en relación coa finca e a situación desta: descripción do entorno no que se implanta, dimensións, forma, materiais e outras características.

Declaración ou compromiso de manter a instalación en perfectas condicións de seguridade.

Documento que exprese a conformidade do titular do terreo ou finca sobre a cal se instalarán as infraestructuras.

## **TITULO V – PROCEDIMENTO**

### **Artigo 15.- Procedemento xeral**

O procedemento a seguir na tramitación dos respectivos expedientes será o establecido de forma xenérica para as licencias urbanísticas e o recollido para a licencia de actividades clasificadas no Decreto 133/2008, de 12 de xuño, de Avaliación da Incidencia Ambiental.

### **Artigo 16.- Obriga de revisar.**

Ao obxecto de asegurar a adaptación das instalacións de radiocomunicación ás mellores tecnoloxías existentes en cada momento, no que se refire a minimización do impacto visual e ambiental ou á modificación substancial das condicións do entorno que fagan necesario reducir este impacto, a licencia outorgada polo



Concello para a instalación de elementos de radiocomunicación determinará a obriga por parte das operadoras de revisar as instalacións transcorrido o prazo de dous anos desde a data da licencia ou da súa última revisión. As entidades colaboradoras da Administración debidamente poderán realizar a revisión. Os criterios para esta revisión se fundamentarán na eventual esixencia de novas tecnoloxías que fagan posible a reducción do impacto visual e ambiental.

Así mesmo, a publicación de novos estudos contrastados que esixan a eliminación ou o desprazamento da instalación por razóns de saúde pública suporán a revogación da licencia e a clausura da mesma nun prazo máximo de seis meses, sen dereito a indemnización.

#### **Artigo 17.- Órgano competente.**

O órgano competente para a resolución da concesión da licencia é o Alcalde, sen prexuízo das delegacións que teña efectuado ou poida efectuar, de conformidade coas normas de Réxime Local.

#### **Artigo 18.- Prazo de resolución.**

A resolución concedendo ou denegando a licencia debe dictarse no prazo de tres meses, computado desde o día seguinte hábil ao de inicio do procedemento. O cómputo do prazo de resolución ficará en suspenso durante o prazo que se conceda ao interesado para solucionar deficiencias segundo establece o réxime do procedemento administrativo. De non resolverse no mencionado prazo de tres meses entenderase desestimada a solicitude de licencia.

### **TITULO VI - INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA PARA REDUCIR O IMPACTO AMBIENTAL DAS INSTALACIÓNES DE RADIOCO-MUNICACIÓN**

#### **CAPITULO I - CONSERVACIÓN E SEGURANZA DAS INSTALACIÓNES**

##### **Artigo 19. - Deber de conservación.**



O titular da licencia deberá conservar a instalación dos equipos de radiocomunicación en bo estado de seguridade, salubridade e ornato público.

O deber de conservación das instalacións de equipos de radiocomunicación implica o seu mantemento, mediante a realización dos traballos e obras que sexan precisos, para asegurar o cumprimento dos seguintes fins:

- Preservar as condicións polas que se autorizan as citadas instalacións.
- Preservar as condicións de funcionalidade e de seguridade, salubridade e ornato público, incluídos os elementos de suporte das mesmas.
- Cando os servizos municipais detecten un estado de conservación deficiente o comunicarán aos titulares da licencia para que nun prazo de quince días a partir da notificación da irregularidade adopten as medidas oportunas. Cando existan riscos para as persoas ou os bens, as medidas deberanse adoptar de forma inmediata.

Subsidiariamente serán responsables desta obriga de conservación os propietarios do edificio e/ou terreo sobre o cal estea instalada a antena.

#### **Artigo 20.- Retirada de instalacións ou dalgún dos seus elementos.**

O titular da licencia ou o propietario das instalacións deberán realizar as actuacións necesarias para desmantelar e retirar os equipos de radiocomunicación ou os seus elementos restaurando o estado anterior á instalación dos mesmos sobre o terreo, construcción ou edificio que sirva de suporte a dita instalación, nos supostos de cese definitivo da actividade ou dos elementos das mesmas que non se utilicen.

#### **Artigo 21.- Renovación e substitución das instalacións.**

Estarán suxeitas aos mesmos requisitos que a primeira instalación a renovación ou substitución completa dunha instalación e a reforma das características da mesma que fosen determinantes para a súa autorización ou substitución dalgún dos seus elementos por outra de características diferentes aos autorizadas.



### **Artigo 22.- Ordes de execución.**

Co fin de asegurar o cumprimento establecido polos artigos 25 e 26 da presente Ordenanza, o órgano competente do Concello dictará as ordes de execución que sexan necesarias e que conterán as determinacións seguintes:

- Determinación dos traballos e obras a realizar para cumplir o deber de conservación dos equipos de radiocomunicación e da súa instalación, ou no seu caso, a retirada da instalación ou dalgún dos seus elementos.
- Determinación do prazo para o cumprimento voluntario ordenado que se fixará en razón directa da importancia, volume e complexidade dos traballos a realizar.

A orde de execución determinará en función da entidade das obras a realizar a esixibilidade de proxecto técnico e, no seu caso, dirección facultativa.

## **TITULO VII - REXIME SANCIÓNADOR**

### **Artigo 23.- Disposicións Xerais.**

En caso de incumprimento dos preceptos desta Ordenanza, os Servizos Técnicos Municipais poderán ordenar a adopción das medidas que procedan aos efectos de restablecer a legalidade infrinxida.

As ordes de desmontaxe e retirada das instalacións de antenas deberán ser completadas polas empresas titulares da instalación no prazo máximo de 8 días ou 48 horas, no suposto de constituír un perigo para a seguridade das persoas e bens. En caso de incumprimento, procederán a retirá-las os servizos municipais, a cargo das empresas afectadas, que estarán obrigadas a pagar os gastos correspondentes á execución subsidiaria. A orde de desmontaxe e retirada, cando non se dispoña de licencia, será independente da orde de legalización, de maneira que será inmediatamente efectiva, mentres non estea legalizada a instalación.



As medidas de execución subsidiaria son independentes e compatibles coas que se poidan impor en concepto de sanción.

As antenas sen licencia ou concesión instaladas sobre solo de uso ou dominio público municipal, non necesitarán o previo requerimento ao responsable da instalación e serán retiradas polo Concello con repercusión dos gastos ao interesado, ademais da imposición das sancións que correspondan.

#### **Artigo 24.- Infraccións e sancións.**

Procederase de acordo co réxime xeral de infraccións para as infraccións urbanísticas e, no que sexa preciso, co que dispón a normativa sobre Réxime Local.

Por outra parte, e para as cuestións que afecten ao impacto do medio ambiente, será de aplicación a normativa medioambiental vixente.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA.**

**Primeira.-** As instalacións de radiocomunicación móvil con licencia concedida antes da entrada dean vigor da presente Ordenanza e que causen un impacto medioambiental, visual ou de salubridade non admisible segundo os criterios establecidos na presente Ordenanza, deberán adaptarse á mesma no prazo máximo de seis meses a partir da entrada en vigor desta Ordenanza.

As solicitudes presentadas con anterioridade a entrada en vigor da presente ordenanza, e que non foran resoltas, deberán adaptarse o réxime establecido na presente ordenanza, coa excepción da obligatoriedade de presenta-lo plan técnico de desenvolvemento.



**Segunda.-** No que se refire á exposición aos campos electromagnéticos, as instalacións de radiocomunicación deberán cumplir a normativa que en materia de emisións electromagnéticas poidan establecer as Administracións competentes.

Mentres non se promulgue esta normativa, será de aplicación a Recomendación do Consello da Unión Europea de 12 de xullo de 1999 relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos.

**Terceira.-** As instalacións de telecomunicacións para as que sexa esixible un proxecto de implantación, establecidas sen a debida autorización antes da entrada en vigor desta Ordenanza, haberán de adaptarse ó previsto nela, mediante a tramitación dos necesarios expedientes de legalización, consistente no súa petición de inclusión no oportuno proxecto de implantación e licencia de actividade cualificada posterior con arreglo ó Decreto 133/2008, de 12 de xuño, de Avaliación da Incidencia Ambiental, no seu caso, todo no prazo máximo de seis meses contados a partir da data de entrada en vigor da presente Ordenanza. As instalacións de telecomunicación non legalizadas deberán ser retiradas de acordo co establecido no artigo 48 b) da presente Ordenanza.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL.**

**Primeira.-** No prazo de seis meses contados a partir da entrada en vigor desta Ordenanza, o Concello creará un Rexistro Especial no que se inscribirán todas as instalacións de emisión e recepción dos servizos de radiocomunicacións existentes no termo municipal de Ares.

**Segunda.-** A inscrición rexistral realizarase de oficio ou a instancia do interesado e deberá conter os datos relativos ao titular da licencia e ás condicións impostas para a autorización da instalación.

### **DISPOSICIÓN FINAL**



**Única.-** De conformidade co establecido no artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Régime Local, a presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte á da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

**CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBIERNO.**

**PUNTO NÚM. 6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-**

Interven o Portavoz do Grupo Municipal de NAL, Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que as resolucións con contraído económico, non veñen unha vez máis ó Pleno, e dicir ademáis na miña opinión que faltan Resolucións, faltan o veu a dicir porque aquí nos últimos días se contratou a persoal, novo persoal e eu me imaxino que ese tivo que orixinar unha Resolución, ainda que a míni non me consta que se fixera ningún tipo de convocatoria ó respecto, aquí houbo contratación de novo persoal e ademáis prorroga dalgún novo persoal, por tanto eu creo que esas entre outras Resolucións faltan do expediente, aparte dalgúns que me chaman máis a atención que outras, que me referirei logo no turno de rogos e preguntas.

Resposta o Sr. Alcalde, que as Resolucións económicas non veñen a todos os Plenos, se incorporan o expediente cada tres ou catro Plenos, ven un lote de Resolucións de contenido económico, que efectivamente non veñen de ordinario a todos os Plenos senón que se espacia moito máis a aportación desa documentación ó expediente do Pleno.

En canto o persoal houbo varios planes da Consellería de Traballo, e todos estos planes da Consellería esixen pasar por unha preselección que fai o INEM, entónces está claro que a contratación destas persoas ten que facerse dentro dos listados que facilita o INEM, hai varios programas, e en algúns programas xa se fixo esa selección, e creo que hai algúns programas no que aínda non esta feita a selección, creo que en servicios sociais non esta feita a selección, e entónces efectivamente estamos falando da semana pasada, e Carballo que é a persoa que leva todo ese tema de contratación está de vacacións.

O Sr. Luis Cendán, resposta o Sr. Alcalde que non está a respostar o que lle esta a preguntar el se refire a xente fora dos programas, e prorrogas de contratos, eso tuvo que xenerar unha Resolución motivada, a hora de xustificar a contratación ou prorroga, por poñer un exemplo a persoa que esta nos servicios económicos, leva sobre duas semanas e eu un día



me almorzei que había unha persoa traballando en servicios económicos, eso non pasou ningúnha proba ningunha convocatoria, e non pertenece a ningún programa específico, e ademáis se o Plan de Cooperación si é verdade que están chegando os currículums, a selección non sei se esta feita, polo tanto a contratación tampouco se pudo facer, eu me refería a parte do persoal dos Plans a xente que se está contratando ó marxe deso.

Resposta o Sr. Alcalde, que a contratación á que se refire o Sr. Luis Cendán ten a resolución, que é do día 26 de agosto de 2009, e efectivamente ten un error e non se incorporou porque vai a ser subsanada, dándose seguidamente lectura pola Alcaldía a citada resolución.

O Sr. Secretario explica que existe unha carga excesiva de traballo en Tesourería, e quere refacer a Resolución, que a motivación non é a que figura na Resolución.

O Sr. Luis Cendán, pregunta se esta contratación non ten que levar un procedemento e unha convocatoria, calquer contratación que se faga nunha administración pública debe ir presidida por unha serie de valores: convocatoria, publicidade, concurrencia, igualdade de oportunidades.

O Sr. Alcalde di que ninguen do grupo de goberno tuvo nada que ver nesta Contratación, posiblemente seguimos o criterio da Tesoureira, que dice que tiven este chicos en prácticas e estuvieron encantados con el, e hai voa vontade, non tivemos nada que ver en esto, a min de din que hai unha carga de traballo excesiva, a Tesoureira me di deste chico.

Interrumpe o Sr. Luis Cendán, dicindo que o Sr. Alcalde ten que levar o procedimento, eu non teño nada en contra do rapaz, pero hai que seguir o procedimento.

O Sr. Alcalde, di que pode ir a falar coa Tesoureira e que o explique, hai un montón de traballo e hai un alumno en prácticas que xa coñece o traballo en cuestión, que é esta persoa e non outra, pois e porque estuvo en prácticas e aproveitar a súa experiencia, pode ser compartida, pode ser criticada pero a verdade por diante.

#### **PUNTO NÚM. 7.- MOCIÓN E PROPOSTAS.**

##### **A) MOCIÓN DO BNG “RECOLLIDA DE RESIDUOS VOLUMINOSOS”**

Dase conta da moción do BNG relativa a Recollida de Residuos Voluminosos do seguinte teor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.



A Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) ven de comunicar que a partires do 1 de setembro de 2009 procederase ao cesamento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos concellos adheridos.

O cesamento na prestación do servizo de retirada de residuos voluminosos por parte de SOGAMA, para o seu posterior tratamento, prodúcese de xeito unilateral, sen ningún tipo de negociación previas cos concellos afectados, que a partir do 1 de setembro terán que facerse cargo, individualmente da recollida e entrega deste tipo de residuos a un xestor autorizado.

Con este anuncioi, a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) podería estar a incumplir as condicións pactadas cos concellos no momento da súa adhesión, sen que nin a propia SOGAMA ofrezan ningunha solución alternativa e viábel aos Consellos afectados, que, ademáis de ter que artellar sistemas de recollida, verán como os custes do tratamento destes residuos se incrementan de xeito exponencial.

A falla dun sistema homoxéneo para a retirada destes residuos, xunto co incremento significativo dos custes, precisamente nun momento no que como consecuencia da crise económica e das deficiencias do sistema de financiamento local as facendas municipais están a pasar por situación moi difíciles, podería derivar na proliferación de vertedoiros incontrolados ou, no mellor dos casos, cando o tratamento se faga conforme á legalidade e por un xestor autorizado, no traslado do incremento dos custes ao recibo do lixo que terán que soportar os/as veciños/as dos concellos afectados.

Por iso solicitamos do Pleno do Concello de Ares a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS**

**1.- Instar á Xunta de Galiza e á Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) ao mantemento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos municipios adheridos, nas condicións que o viña facendo até agora, para o seu posterior tratamento por un xestor autorizado e conforme á normativa vixente.**

**2.- No seu defecto, instar á Xunta de Galiza a que aporte unha solución alternativa e viábel que non supoña un incremento do recibo do lixo dos concellos afectados.”**

Interven o Sr. Alcalde manifestando que esta moción pode ter relación cunha moción do PSdeG-PSOE, sobre a negativa de SOGAMA a recoller os residuos voluminosos dos Concellos de Galicia, hai duas mocións sobre un ámbito similar, se o portavoz o considera oportuna nesta moción podemos falar conxuntamente da Moción do PSde G-PSOE.



Toma a palabra polo Grupo Municipal do BNG a Sra. Abeal Pérez: Bos días a todos e a todas, primeiro imos a facer un pequeno percorrido polos antecedentes sobre os residuos sólidos aquí na Galiza. En abril de 1989, o PSOE aprobou un Plan de Residuos Solidos que contemplaba plantas de acumulación transferencia e tratamiento, e no que se incluían quince vertedoiros incontrolados, e duas incineradoras, unha na Coruña e outra en Vigo, e unha planta de compostaxe en Ferrol, eso foi no 1989, en xaneiro de 1992 xa estaba o PP, aprobou un novo Plan, porque na práctica o Plan anterior non tiña aplicación, según parecía, e era coincidente na idea ca do PSOE, tiña as mesmas estacións de transferencias e vertedeiros controlados áinda que nun número diferente, e a diferencia establecíase na única proposta á incineración, eso foi en xaneiro, e en maio desde mesmo ano 1992, publicase o Decreto que facía a creación de SOGAMA. SOGAMA é unha empresa pública ó 51% con participación de capital privado FENOSA ó 49%, nese Decreto xa asume a responsabilidade de planificar e de xestionar o tratamiento e a eliminación de resiudos urbáns e asimilables a urbanos da Comunidade Autónoma Galega, e o seu capital fundacional era de 60 millóns de euros, pero so en subvencións da Unión Europea contabilizase un investimento de 72 millóns de euros. O inicio da explotación comercial ten lugar no 2002, logo da posta en marcha do complexo en Cerceda no 2000 e no 2003 se desenvolve un Plan de viabilidade para acadar o equilibrio financiero, en marzo de 2004, o PP presenta o Plan de Xestión de residuos Urbans de Galiza, entre os anos 2004 e 2010, nel se di que vai a ser un sistema global de xestión dos resiudos urbanos producidos en Galiza, na que interveñan de forma coordinada e solidaria as diferentes Institucións, Entidades e Axentes con competencia na materia, de cara lograr unha solución ambiental eficaz, económicamente viable e socialmente compartida, a grande novedad era a evidente posta en marcha para o tratamiento dos residuos domiciliarios voluminosos, correspondentes a lavadoras, cociñas, fornos, frigoríficos, mobles, colchóns etc., ademáis admítiasi na planta residuos electrónicos, como televisions videos ordenadores, que únicamente sería clasificados na planta para o seu posterior destino a un xestor autorizado, esto era no ano 2004. No ano 2005 SOGAMA reorienta a súa actividade cara a xestión ambiental e a innovación tecnoloxica ó servizo da política ambiental da Xunta de Galicia segundo afirmacións da propia empresa, tendo como obxectivos prioritarios prestaren o mellor servizo público ós Concellos Galegos, e apostar pola prevención e reciclaxe dos residuos. E por último no 2008 publicase unha lei, a Lei 10/2008 de 3 de novembro de Residuos de Galiza, que referindose a SOGAMA atribue as función das xestións dos residuos urbanos a partir do momento en que son depositados nas estacións de transferencias ou plantas de tratamiento previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos, coas conseguintes operación de transporte, almacenamento, valoración, tratamiento, comercialización e depósito controlado dos residuos, o texto tamén establece no seu artigo 7 a competencia da Xunta de velar pola adecuada prestación dos servicios municipais obligatorios, e obriga a coordinación interadministrativa correspondendo a Xunta de facultade de coordinar a actuación das Entidades Locais, e a potestade de coordinación das Entidades Locais exercese a través dos Plans de residuos da Comunidade Autonoma de Galiza en materia de resiudos que fixaran os



obxectivos e as prioridades de acción pública en materia de residuos e a vinculación das Entidades Locais ao sentido nos termos previstos na lexislación básica dessa lei, esto é o que di o texto, e a estas alturas, a decisión de SOGAMA e da Xunta, de non admitiren os voluminosos desde o 1 de setembro, (por certo unha decisión unilateral), que se comunica en Pleno verán, cos presupostos municipais nun estado de execución que dificultan o imposibilita a disponibilidade de partidas presupuestarias necesarias para fazer frente, a este problema e unha irresponsabilidade ou irregularidade que define claramente a deficiente organización política da Xunta, unha volta máis na aplicación xeneralizada dunha política neoliberal que pretende deixar facer o libre mercado, anulando a pouca intervención pública que tiñamos para solucionar este problema. Con este anuncio a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), podería estar a incumplir as condicións pactadas cos Concellos no momento da súa adhesión, sen que a Xunta e a propia SOGAMA, ofrezcan ningúnha solución alternativa ós concellos afectados, que ademais de ter que artellar sistemas de recollida verán como seus custes de tratamiento destes residuos se incrementaran de xeito exponencial. A falla dun sistema homoxeneo para a retirada destes residuos xunto co incremento significativo dos custes, precisamente nun momento que como consecuencia da crise económica e das deficiencias do sistema de financiamento local, as Facendas Municipais están a pasar por situación difíciles, poderían derivar na proliferación de vertedoiros incontrolados, ou no mellor dos casos cando o tratamento se faga conforme á legalidade e por un xestor autorizado, no incremento dos custos no recibo do lixo que terán que soportar os veciños e veciñas dos Concellos afectados, por iso solicitamos do Pleno do Concello de Ares a adopción dos seguintes acordos:

**1.- Instar á Xunta de Galiza e á Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) ao mantenemento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos municipios adheridos, nas condicións que o viña facendo até agora, para o seu posterior tratamento por un xestor autorizado e conforme á normativa vixente.**

**2.- No seu defecto, instar á Xunta de Galiza a que aporte unha solución alternativa e viábel que non supoña un incremento do recibo do lixo dos concellos afectados.”**

Sei que se esta a falar de que dixeche que viña unha Moción do PSOE no punto deseguido, nos o primeiro punto non o vamos a cambiar absolutamente nada, e penso que se pode ampliar se queredes, moitas grazas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente manifestado que a Moción do PSOE se refiere más ou menos á mesma problemática e seguidamente se transcribe:



**MOCION DO PSG-PSOE “NEGATIVA DE SOGAMA A RECOLLER OS RESIDUOS VOLUMINOSOS DOS CONCELLOS DE GALICIA”.**

O Grupo Municipal do PS<sup>de</sup>G PSOE ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación á **NEGATIVA DE SOGAMA A RECOLLER OS RESIDUOS VOLUMINOSOS DOS CONCELLOS DE GALICIA**, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Ares:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) acaba de notificar a todos os concellos de Galicia que a partires do 1 de setembro, cesará por parte de SOGAMA a recepción de residuos voluminosos procedentes dos concellos de Galicia.

Esta decisión enmarcase ñas obrigas derivadas da Autorización Ambiental Integrada das instalacións do complexo de SOGAMA en Cerceda.

SOGAMA insta aos concellos a atopar xestores autorizados para xestionar a partires do día 1 de setembro os residuos voluminosos.

O Grupo Municipal Socialista considera que a política de separación e tratamento de residuos non debe suponer para os concellos de Galicia un problema senón un acicate para a necesaria colaboración entre todas as institucións no obxectivo de reducir, reciclar e reempregar.

Por iso eremos que é necesario que a Xunta de Galicia incentive que as medidas que se teñen que levar a cabo necesariamente dende o vindeiro 1 de setembro por parte dos concellos de Galicia supoñan custo O a maiores para as arcas municipais.

Ao mesmo tempo deben acompañar a esta obriga unha serie de medidas que poidan garantir transparencia na xestión dos residuos voluminosos, como coñecer todas as empresas que teñen autorización para actuar como xestores de residuos, os lugares onde estas empresas tratan estes produtos, as tarifas que manteñen cara aos concellos...

E tamén se debe incrementar a presenza de puntos limpos nos concellos de Galicia onde aínda non existen, precisamente para depositar parte destes residuos voluminosos e incentivar a través de axudas á xestión destes puntos limpos, como se viña facendo na anterior lexislatura, a construción dos mesmos

Por todo o sinalado anteriormente, o Grupo Municipal do PS<sup>de</sup>G PSOE de Ares presenta a seguinte:



## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Pleno do Concello de Ares reclama á Xunta de Galicia:

- 1.- Que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras execute de xeito inmediato a construción dun limpo en Vilar do Colo que dea servizo aos Concellos de Ares, Fene e Cabanas, e xa comprometido polo anterior Goberno da Xunta, toda que os municipios de Fene e Cabanas contan cos terreos necesarios para poñer a disposición da Xunta. Na actualidade, esta infraestructura é máis necesaria que nunca.
- 2.- Incentivar a construción de punto limpos nos concellos onde áínda non existen e continuar coa liña de axudas á xestión deste puntos limpos posta en marcha na anterior lexislatura.
- 3.- Poñer a disposición dos concellos de Galicia por parte da Consellería de Medio Ambiente a relación de xestores autorizados para a recollida de calquera tipo de residuo voluminoso e as tarifas oficiais establecidas ao efecto.
- 4.- Elaborar un calendario de inspeccións ambientais específicas para a comprobación por parte das autoridades ambientais do correcto uso das autorizacións por parte dos xestores de residuos.
- 5.- Financiar dende a Xunta de Galicia os diferenciais de custo para os concellos entre as tarifas que ata agora pagaban a SOGAMA e os novos custos derivados desta decisión, de xeito que os concellos galegos non teñan unha carga económica pola xestión destes residuos voluminosos.

O Sr. Alcalde manifesta que as propostas de Resolución da Moción podían vir precedida pola primeria da Moción do BNG, e a continuación incorporar as da Moción do PSOE do punto limpo polo menos, se os parece ben esta transacción.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal de Nal, Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que as repercusiones económicas e medioambientais, creo que sobran as explicacións das consecuencias que pode traer esta medida, que según parece foi publicada no mes de agosto, por certo este portavoz non ten coñecemento, non sei se algunha Comisión se tratou este asunto, que eu saiba que un asunto da trascendencia como é este non se levou a ningúna Comisión nin a ningún órgano colegiado.

O Sr. Alcalde resposto que se levou á Mancomunidade de Municipios.

O Sr. Luis Cendán di que os datos que ten son os que vai recabando a través dos diferentes diarios, de prensa, polo tanto creo que nos últimos días se están a dar unha serie de negociacións, e eu en primeiro lugar antes de entrar en outros matices, este asunto dado a trascendencia que ten levalo a Comisión Informativa, traer todos os datos, Resolución incluída



onde se comunica que a partir do día 1 de setembro por parte de SOGAMA non se vai a recibir a recollida de resíudos voluminosos, e polo tanto traelo a unha Comisión Informativa e informar os portavoces, polo menos os portavoces e haber este tipo de medidas, porque xa digo a dia de hoxe parece ser que xa hai un principio de acordo, co presidente da FEGAMP eso e o que se di nos medios de comunicación. En canto o coste por outra parte se di que o Conselleiro vai a diseñar neste ano, un plan extratexico para toda Galicia para xestionar o lixo, polo tanto se hai algún avance que se nos poña en coñecemento como se vai a xestionar o coste, a financiación para os Concellos, para que poidan acometer este coste, o que si está claro tamén, é que este novo goberno entrou en maio ou xuño a resolución é do mes de Agosto, o problema me imaxino que se encargou a Auditoria sobre o informe da planta, unha vez chegado, eso tardaría varios días, emiteu o informe que emiteu sobre a situación real da planta, e creo que entrar nestas disquisicións a esta altura cando hai outro tipo de negociacións penso que non é oportuno, polo tanto a miña proposta é que esto veña a unha Comisión Informativa, todos os datos postos sobre a mesa, reunión como acaba de dicir o Alcalde, que eu descoñezo, esto se levou á Mancomunidade, entendo que se nos debe de explicar o contido da reunión da Mancomunidade, e partir de hai se pode ser unha moción conxunta, que vaia por unanimidade, porque eu nestas condicións, sin información e os datos que se están producindo a última hora, non vou a votar afirmativamente a algo que sabemos que esta cambiando agora, polo tanto propoño que quede sobre a mesa.

O Sr. Alcalde manifesta que na Mancomunidade, se tratou a iniciativa do Concello de Narón, foi o Alcalde de Narón o que pediu unha reunión da Mancomunidade, e cando fixemos a reunión da Mancomunidade se puxo de manifesto o malestar dos Concellos polo cambio de condicións da recollida destes residuos e automáticamente se fixeron xestións para buscar solución, todas as solución que hai enriba da mesa pasan por multiplicar o prezo, efectivamente na Mancomunidade o único que se fixo foi, primeiro a protesta a negociación os contactos políticos para intentar solucionar este problema, delegándose na FEGAMP, polo tanto quen leva a negociación coa Consellería e a FEGAMP. Entonces que fixemos na Mancomunidade un Plan B, se o da FEGAMP sae mal e non hai acordo, buscar un xestor a quien deixarle os residuos a partir do 1 de setembro e non o atopamos porque costa o doble, entonces na Mancomunidade como a alternativa pasa por multiplicar como mínimo por dous o gasto dos Concellos, nos limitamos a esperar a ver que facía a FEGAMP, mentres eso non impide que exista algún tipo de pronunciamento dos municipios sinalando a gravedade desta situación, e ademáis tampouco impide recordar de paso o punto limpo de Cabanas que efectivamente é unha boa opción para Ares.

Interven o portavoz do Grupo Popular Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que esta moción, temos que dicir que parece insolita por parte dos que a presentan, porque precisamente por parte da portavoz do BNG, que se acusaba o Partido Popular de xenerar este problema, teño que decirles que vostedes, que o que orixinou este problema foi o Conselleiro Sr. Vázquez que hoxe é o Xefe de filas Galego do PSOE, e vostedes son copartícipes porque



estó se aprobou a prohibición de que SOGAMA recollese e que aprobara a norma para que SOGAMA prohibirlle que recollera todo esto, foi o Conselleiro de Medio Ambiente o Sr. Vázquez, o día 30 de abril de 2008, cando se aprobou esta norma, a Xunta o que fixo agora foi notificar os Concellos da situación que é a lei que esta aprobada, e da situación que estaba xenerándose nos Concellos, mas temos que decir que a sabiendas de que este daño que se lles iba a facer os Concellos, non hai nin un solo euro no presupuesto deste ano 2009, para axudar os Concellos a aliviar esta situación. A Xunta o que fixo foi notificar os Concellos do feito, e ó notificarllles que teñen a disposición dos Concellos unha planta que é da Xunta en Cereda como mal menor. Con respecto a moción do PSOE, nos o que pedimos é que hai que ter responsabilidades cando se gobernan e cando non se goberna, neste caso o que aprobou esa norma foi o hoxe xefe de filas do PSOE Galego Sr. Vázquez, e decir que o tema que leva o segundo punto "Incentivar a construcción de punto limpos nos concellos onde áinda non existen..." eu teño que decir sobre este tema que este Concello cando eu era Alcalde, tiñamos aprobado un punto limpo, que eu falei co Alcalde de Mugardos, para mancomunal entre os dous Concellos, tiñamos buscado unha parcela que me había dito el, polo Alto de Simou ou pola Seaña, unha zona bastante fácil de chegar por parte dos dous Concellos, unha zona que este bastante apartada que non incida o impacto medio ambiental e non se vexa desde as estradas, e creo que por parte da Xunta do bipartito, non soamente foi esta infraestructura senón tamén o tema que tiñamos aprobado como foi o soterramento dos contenedores, que tiñamos aprobado, e despois tivo que facelo outra Consellería, como foi a Consellería da Presidencia, parace ser pero que nos tiñamos aprobado pola Dirección Xeral de Calidade Medioambiental, eu por abratar os custos de mantemento e para un Concello so porque había que meter persoal, falei co Alcalde de Mugardos para poder xestionar esto.

O Sr. Alcalde di que os tres soterramientos de contenedores que se levaron a cabo os financiou a Consellería de Industria, e o cuarto que vamos a facer no Mazote o financia en parte a Deputación.

O Sr. Manuel Cendán Ferández, di que estamos de acordo con este tipo de políticas, o que viña facendo a anterior Xunta era facer un en cada Concello, para que a xente fora comprendendo que había que ir por este tipo, a idea da Xunta en aquel entonces era que as promotoras á hora de facer as urbanizacións, que se lles obligara a facer este tipo de infraestructuras, esa era a intencionalidade que había por parte da Xunta en aquel momento. Creo que esto e a verdade, a Xunta o que fixo cando entrou no mes pasado foi notificar os Concellos da situación que se estaba xenerando, que a norma esta aprobada, e mentres non se tire abaixo esa orde que esta aprobada, foi aprobada polo gobernó bipartito o día 30 de abril de 2008, é un problema que se lles xenerou os Concellos e hai que resolvelo, nos como vemos que por parte da Moción do BNG e a vista da intervención da Concellería do BNG, nos estamos completamente en desacordo porque non se esta a dicir a verdade de quen xenerou o problema e polo tanto vamos a votar en contra desta Moción.



Interven a Concelleira do BNG SRa. Abeal Pérez, manifestando que como vemos estamos na mesma situación que desde que houbo o cambio de goberno, a culpa son dos outros e nos non temos ningunha culpa, en todos os aspectos se está facendo o mesmo, tanto en educación como en calquer tipo de problema que sexa necesario solucionar, as culpas son dos outros, para eso se entra nun goberno para solucionar os problemas, e desde logo a responsabilidade desta decisión a vamos a pagar todos, eso é o que nos vai pasar, a vamos a pagar nos, os voluminosos non van a desaparecer polo aire, os voluminosos teñen que ser recollidos, transportados, reciclados e se ten que solucionar este problema, co que a culpa é dos outros non se soluciona nada, os que estades no goberno sodes vos, e a decisión esta de deixar que os Concellos se fagan cargo dos voluminosos e vos, e a suba dos prezos tamen e vos, a suba de prezos que vamos ter que pagar todos é vosa do goberno actual, solucionadeo, unha cousa e que exista unha norma, ¿non sabedes cambiala?, se é tan mala cambiadea. Aquí o que dicia o PP é que os resiudos urbanos ten que ser un sistema global de xestión de toda Galiza de todas as Entidades tanto do Concello como da Xunta e de calquera outra, e ten que ser en común, e desde logo o que estades facendo non é so cos voluminosos.

Por alusións intervén o SR. Manuel Cendán, e di que este é unha norma igual que as taxas que estuvimos aprobando, que se aprobou por un partido, e están hai e hai que levalas a efecto mentres non as tiren, a nova Xunta o que foi informar os Concellos e decirles ue hai unha alternativa que unha planta que hai en Cerceda, que é a única alternativa que ten a Xunta de momento se esta a negociar, pero o que esta claro quen xenerou o problema foi quen lle prohibeu a SOGAMA verter alí os Concellos, quen foi quen lle prohibeu a SOGAMA recoller eso foi a Xunta de Galicia que aprobou a norma o 30 de abril de 2008, eso entra en vigor agora e o hai que levar a efecto, e igual que unha taxa que eu puden aprobar durante a lexislatura pasada e o goberno actual mentres non a tire a ten que aplicar, eso é exactamente igual, mentres non se tire, hai un problema xenerado e hai que solucionalo. Ó mellor a decisión que se tomou no 2008 era a correcta pero o que había que facer no 2009 antes de entrar en vigor poñer unha partida presupuestaria, poñer uns millóns de euros para evitar o gasto ós Concellos.

Rematado o debate sometese a votación transacción das duas Mocións quedando unha resolución que consta de seis puntos o primeiro da Moción do BNG e os 5 da Moción do PSOE, e o Concello Pleno por 7 votos a favor (5 PSdG-PSOE e 2 BNG e 6 votos en contra 5 P.P. e 1 NAL), acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia:

**1.- Instar á Xunta de Galiza e á Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) ao mantemento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos municipios adheridos,**



nas condicións que o viña facendo até agora, para o seu posterior tratamento por un xestor autorizado e conforme á normativa vixente.

2.- Que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras execute de xeito inmediato a construción dun limpo en Vilar do Colo que dea servizo aos Concellos de Ares, Fene e Cabanas, e xa comprometido polo anterior Goberno da Xunta, toda que os municipios de Fene e Cabanas contan cos terreos necesarios para poñer a disposición da Xunta. Na actualidade, esta infraestructura é máis necesaria que nunca.

3.- Incentivar a construcción de punto limpos nos concellos onde áinda non existen e continuar coa liña de axudas á xestión deste puntos limpos posta en marcha na anterior lexislatura.

4.- Poñer a disposición dos concellos de Galicia por parte da Consellería de Medio Ambiente a relación de xestores autorizados para a recollida de calquera tipo de residuo voluminoso e as tarifas oficiais establecidas ao efecto.

5.- Elaborar un calendario de inspeccións ambientais específicas para a comprobación por parte das autoridades ambientais do correcto uso das autorizacións por parte dos xestores de residuos.

6.- Financiar dende a Xunta de Galicia os diferenciais de custo para os concellos entre as tarifas que ata agora pagaban a SOGAMA e os novos custos derivados desta decisión, de xeito que os concellos galegos non teñan unha carga económica pola xestión destes residuos voluminosos.

#### A) MOCIÓN DO BNG “BONO SOCIAL DE TARIFA ELECTRICA”.

Dase conta da Moción do BNG relativa a Bono Social de Tarifa Electrica, do seguinte teor literal:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A liberalización operada no sector eléctrico, lonxe de significar unha mellor prestación do servizo eléctrico nos fogares e abaratar o custe da factura eléctrica para a maioría das economías domésticas, está a ocasionar unha confusión crecente e un incremento no gasto repercutido polo subministro eléctrico á maioría dos consumidores.

A constatación do fracaso da aplicación da política de libre competencia nun servizo esencial para toda a comunidade como o subministro de enerxía eléctrica, onde ademáis o abano de empresas comercializadoras redúcese a cinco, ponse de manifestó mesmo na recente normativa reguladora sobre a



materia, como é o caso da creación do denominado "bono social", consistente nunha bonificación na factura eléctrica por unha contía igual á diferencia entre o valor da tarifa de último recurso e unha tarifa reducida.é unha bonificación na factura por unha cuantía igual á diferencia entre o valor da tarifa de último recurso e un valor de referencia ou tarifa reducida co que se pretende corrixir a importante repercusión económica que o novo sistema de tarifas ocasiona na economía da maioria dos consumidores domésticos.

Malia que no límitar do Real Decreto-Lei 6/2009, do 30 de abril, se expresa claramente "...que se require a posta en marcha de forma inminente dun bono social...", non é até case que dous meses despois cando se publica a *Resolución do 26 de xuño de 2009*, da Secretaría de Estado de Enerxía, onde se determina o procedemento de posta en marcha do bono social, e se concretan as persoas beneficiárias da medida: as titulares dun punto de subministro na súa vivenda habitual de 60 ou máis anos de idade que acrediten ser pensionistas do Sistema da Seguridade Social que perciban as contías mínimas, as que acrediten ser familias numerosas, as que acrediten formar parte dunha unidade familiar con todos os seus membros en idade de traballar en situación de desemprego e as que teñan contratada unha potencia menor de 3kv.

Estes potenciáis beneficiarios, ademáis da demora na publicación e polo tanto posta en marcha efectiva do bono social, están a sufrir atrancos inxustificados, como incumplimentos das empresas distribuidoras e comercializadoras de enerxía eléctrica no relativo á publicidade do procedemento e o ofrecemento de información exhaustiva, a imposibilidade dunha atención presencial dado o escaso número de empresas comercializadoras existentes, ou mesmo a necesidade de achegar múltiple documentación acreditativa de diversos organismos e administracións públicas, entre eles o Concello.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Político Municipal do BNG propon ao Pleno do Concello de Ares adoptar os seguintes:

**ACORDOS:**

1.- Instar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Comisión Nacional de Enerxía a adoptaren as medidas necesarias que garантan a extensión a todos os beneficiarios do bono social, e a súa aplicación efectiva nos prazos establecidos pola normativa vixente.

2.- Instar ás Consellerías de Traballo e Benestar, e de Economía e Industría, e ao Instituto Galego de Consumo a poren en marcha, de xeito urxente, Planos de Comunicación, Información e Asesoramento sobre das últimas modificacións no sistema de tarifas eléctricas e da aplicación do bono social, orientadas tanto á poboación en xeral como específicamente aos potenciais beneficiarios.

3.- Ofrecer un servizo de información, asesoramento e colaboración na tramitación da solicitude do bono social, por parte do concello do noso concello, onde se facilite ademáis dun xeito áxil toda documentación acreditativa que o beneficiario deba obter do Concello."

Interven o Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G., Sra. Abeal Pérez, manifestando que a liberación do sistema eléctrico lonxe de ser unha mellor prestación do Servicio Electrico nos fogares e abaratar o custe na factura eléctrica para a maioría das economías domésticas



esta a ocasionar unha confusión crecente e un incremento no gasto do suministro eléctrico a maiores na maioría dos consumidores, estase a producir cobros indebidos ó non ter solicitado o bono social a tempo, que podería superar ou levarnos a casi dous euros na última factura, ca factura de pago estimado, o cal suporía máis de catro millóns de euros de ganancias, en dito periodo de cobros indebidos, dos cales preto do 20 por cento de cobros indebidos van ó estado, ben en impostos especiais sobre a electricidade e o IVE, a irresponsabilidade non é dos beneficiarios que non teñen información nin asesoramento, é das eléctricas que non informan ou dificultan o procedemento, é do Estado, o Ministerio de Industria e Comisión Nacional de Enerxía que o permite, o fracaso de aplicación da política de libre competencia nun servicio esencial para toda a comunidade como é o suministro de enerxía eléctrica, o fracaso é evidente, tendo que arranxalo coa creación do denominado bono social, ultimo recurso ou tarifa reducida co que se pretende corrixir a importante repercusión económica que o novo sistema de tarifas ocasiona na economía da maioría dos consumidores domésticos, malia que o Decreto Lei 6/2009 do 30 de abril se expresa claramente que se require a posta en marcha de forma inminente dun bono social, pasaron dous meses cando se publica a resolución do 26 de xuño de 2009 da Secretaría de Estado de Enerxía, onde se determina o procedemento de posta en marcha do bono social, o que se concreta que as persoas beneficiarias da medida teñen que cumplir catro condicións: ser pensionista do sistema da seguridade social, que teñan máis de 60 o mais anos de edade, e que perciban as contías mínimas, outras persoas beneficiarias son as familiar numerosas, ou as que acrediten formar parte dunha unidade familiar con todos os seus membros en edade de traballar en situación de desemprego, e as que teñan contratada unha potencia menor de 3 kilowatos, que hai pouquisimos domicilios que cumpran esta, estes potenciais beneficiarios ademáis da demora na publicación e polo tanto a posta en marcha do bono social están a sufrir atrancos inxustificados como incumplimentos das empresas distribuidoras e comercializadoras da enerxía electria no relativo á publicidade do procedemento a ofrecemento de información exhaustiva, a imposibilidade dunha atención presencial dado o escaso número de empresa comercializadoras existentes, ou mesmo a necesidade de achegar múltiple documentación acreditativa de diversos organismos, e administracións públicas entre eles tamén do Concello necesitan documentación, por todo o exposto con anterioridade o grupo municipal do BNG propón o pleno do Concello de Ares adoptar os seguintes acordos:

1.- Instar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Comisión Nacional de Enerxía a adoptaren as medidas necesarias que garantan a extensión a todos os beneficiarios do bono social, e a súa aplicación efectiva nos prazos establecidos pola normativa vixente.

2.- Instar ás Consellerías de Traballo e Benestar, e de Economía e Industría, e ao Instituto Galego de Consumo a poren en marcha, de xeito urgente, Planos de Comunicación, Información e Asesoramento sobre das últimas modificacións no sistema de tarifas eléctricas e da aplicación do bono social, orientadas tanto á poboación en xeral como específicamente aos potenciais beneficiarios.



3.- Ofrecer un servizo de información, asesoramento e colaboración na tramitación da solicitude do bono social, por parte do concello do noso concello, onde se facilite ademáis dun xeito áxil toda documentación acreditativa que o beneficiario deba obter do Concello.

Interven o portavoz do Grupo Municipal de NAL, Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que está completamente de acordo con toda a exposición e os puntos de acordo que veñen neste tema, sabemos cales son os motivos, que orixinaron todo este proceso, foi a entrada do proceso liberalizador das tarifas eléctricas e sobre todo a inminente entrada en vigor do suministro do último recurso, entonces sabemos que polo menos entendo eu, que esto colleu co pe cruzado ou o Goberno un pouco descolocado, e á hora de emitir as facturacions os usuarios houbo subidas escandalosas, subidas reais no recibo da luz do 31 por cento, esa é a media que se lle calculou, entonces a xente más o menos, o que ven a decir a Moción e que está sobre todo desinformada, non sabe como facer a quen dirixirse e todo esto levou a que o mesmo governo, aprobase un Real Decreto e aprobase o que ven na factura titulado como bono social, agora non sabemos como eso á hora de aprobar o Decreto como se vai a executar, sabemos que a Resolución do 26 de xuño é todavía recente, e as Institucións Públicas de cara á información o cidadán darrlle a maior información posible que nos podamos, en canto ó incumprimento por parte das empresas administradoras, se nos nos queixamos aquí da que temos, a política a nivel nacional é a mesma, polo tanto decir que estou de acordó na Moción e o meu voto vai a ser favorable.

Toma a palabra o Portavoz do Grupo Municipal do P.P., Sr. Manuel Cendán Fernández, quen manifesta que coinciden nos tres puntos da Moción e que van a votar a favor, pero si o que quería decir, contar a verdade de todo, creo que po parte da Técnica do Concello que leva esto, que eu o falei con ela, o tema dos tres kilowatios o variaron a cinco, como dixo o portavoz do BNG como dixo coincido que 3 kilowatios non son nada, que moi poquita xente vai a recibir eso, pero eu creo que o subirán a 5 sería mellor, e creo enteder que son cinco, e de feito tramitei un expediente e veu aprobado, coincidimos en toda a argumentación e nos tres puntos e vamos a votar a favor.

Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

**B) MOCIÓN DO BNG “POSTA EN FUNCIONAMENTO DA GALESCOLA EN ARES”.**



Dase conta da Moción do BNG, relativa a Posta en Funcionamento da Galescola en Ares, do seguinte teor literal:

A fináis do mes de Marzo de 2008, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pubricaba a resolución pola que se anunciaba o concurso para a realización do proxecto e obra para a construcción da Galescola en Ares. O prezo de licitación deste proxecto achegábase a 601.861 euros, cun prazo de execución de 8 meses a partir da adxudicación.

Nos últimos días de Xullo do mesmo ano, producíase a sinatura do convenio entre o Concello e o Consorcio, no que se concretaban os compromisos por parte das dúas administracións para a execución deste proxecto; ao tempo que se anunciaba desde o concello que "*o Galescola comenzará a funcionar no curso académico 2009-2010*".

A fináis de Setembro de 2008 coñecíase a adxudicación das obras é empresa KOTLAS na coidadade de 589.000 euros, e o inminente comezo das obras naquela data; o que ratificaba a disponibilidade para o funcionamiento no curso 2009-2010. Así era que, efectivamente, no pasado mes de Xuño remataban as obras desta infraestrutura no tocante á obra civil.

En paralelo e, derivado dos compromisos acadados no Convenio do que falamos, o Concello de Ares procedía á aprobación da achega municipal correspondente; concretamente os 25.018,52 euros que corresponden ao 4% do custo total da obra, aos que prestaba aprobación a Xunta de Gobernó en reunión celebrada o pasado 9 de Xullo.

Interesa suliñar que, ao marxe deste compromiso, nos orzamentos municipais deste ano figuraba outra partida de 20.000 euros - incluída a proposta do BNG - dirixida a facer fronte aos gastos de funcionamento do centro no último trimestre deste ano. Non hai dúbida, pois, de que a vontade e o compromiso da corporación no funcionamiento desta infraestrutura para o curso 2009-2010 era claro e rotundo.

E falamos en pasado, porque os medios de comunicación recollían a fináis de Agosto a nova de que varias Galescolas - entre as que figura a de Ares - non entrarían en funcionamento debido, segundo as manifestacións da Xunta, á falta de previsión do anterior gobernó galego na dotación de orzamentos que permitisen o equipamento dos centros. Unha xustificación que non se accredita do punto de vista orzamentario - todo o mundo sabe que as institucións teñen o recurso as modificacións de crédito durante o exercicio - e menos do político; xa que o deber dun gobernó é procurar solucións para os servizos que demanda a cidadanía e non botarlle a culpa "aos de antes".

Por riba, é de dominio público que o novo gobernó galego está a malgastar importantes cantidades económicas - nomeadamente, en publicidade - para tentar botar por térra os logros do anterior gobernó da Xunta. Sen ir máis lonxe,



seguro que co que leva gastado a Xunta na destrucción da imaxe - e tamén dos contidos - das Galescolas, poderíase por en funcionamento a de Ares.

Pero o problema de fondo é aínda máis grave. Os resultados desta irresponsábel política levan a que as nenas e nenos de Ares entre 0 e 3 anos -que poden chegar neste momento á cifra de 140 -e as súas nais e país por engadido, vense privados dunha necesidade básica para acceder á educación infantil e a posibilidade de conciliación da vida laboral das súas nais e país; tendo que recorrer ás prazas doutros concellos, centros privados, ou simplemente a quedaren na casa.

Neste sentido entendemos que cumpre unha actitude firme e clara por parte da corporación na defensa dun direito básico e dos compromisos adquiridos coa ciudadanía do noso concello, polo que solicitamos do Pleno do Concello de Ares a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

**1.- Solicitar da Xunta de Galiza –nomeadamente, do Consorcio Galego de Servizos Sociais, Igualdade e Benestar – a inmediata posta en funcionamento do centro correspondente á Rede Galega de Escolas Infantís construído en Ares.”**

Toma a palabra a Concelleira do BNG: Sra. Belén Abeal Pérez.-:

“Moción: Posta en Funcionamento da Galescola de Ares.

No pasado mes de marzo do 2.008 o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do anterior goberno da Xunta anunciaba o concurso de proxecto e obra da construcción da Galescola de Ares, cunha inversión de 601861 €, cun prazo de execución de oito meses a partir da adjudicación. Esto foi en marzo e a finais de xuño deste ano asínase o convenio entre o Concello e o Consorcio, anunciando o Concello a través dunha nota de prensa que a Galescola comezará a funcionar no curso académico 2.009-2.010.

Levamos toda a vida esperando por ela e todas eran promesas pero ningunha era real, e por fin comezaron as obras, conseguímolos, galescola para os nosos nenos. En setembro adjudicáronse as obras e en outubro comezaron e estivo rematada en agosto deste ano. Se a obra xa está rematada, se o Concello xa fixo o pago correspondente da parte que lle correspondía por dita obra, se no orzamento deste ano xa aparece unha partida de 20.000 € incluída polo BNG para facer fronte ao gasto de funcionamento deste centro durante este ano, se todos estábamos de acordo con que era urgente a Galescola, eu me pregunto ¿por qué non comeza? Por qué non seguimos xuntos pedindo que comeze de inmediato. Por qué non temos presa. Por qué lle damos un gran recibimento á persoa que está retrasando o benestar dos



nosos fillos. Fallan o mobiliario e o persoal. E dín que non hai cartos; e que o goberno anterior tampouco fixo as cousas ben. Sempre co mesmo. E que o novo goberno non coñece o recurso de modificación de créditos, pois sí que sabe sacar os cartos cando quere cambiar nomes e temos que pagar dereitos de autor, para iso sí hai cartos e saben como facelo. Isto non é unha broma nin un xogo.

Con esta reponsabilidade política temos máis de 140 nenos de idade entre 0 e 3 anos e os seus pais agardando para recibir unha educación axeitada á súa idade e os seus pais seguen sen poder conciliar a vida familiar e laboral no seu pobo, tendo que recurrir a centros privados ou a outros concellos para solucionalo. Neste senso entendemos que cumple unha actitude firme e clara por parte da Corporación en defensa dun derecho básico e os compromisos adquiridos coa cidadanía deste concello, polo que solicitamos ao Pleno do Concello de Ares a adopción do seguinte acordo:

**Acordo: Solicitar á Xunta de Galicia, nomeadamente do Consorcio Galego de Servizos Sociais Igualdade e Benestar a inmediata posta en funcionamento do centro correspondente á rede galega de escolas infantiles construido en Ares.”**

Toma a palabra o voceiro do NAL, D. Luís Cendán: “Neste tema como no outro, a opinión ben sendo dos medios de comunicación, dos titulares, do que se ven publicando pero a maiores coa visita da Conselleira que esgrimiunha serie de razóns polas que non podía entrar en funcionamiento a escola este ano, estábamos os Concelleiros, o Alcalde, ningúén dixo nada, entendo eu que alí o que estaba expoñendo a Conselleira era certamente creible, porque senón, xa me diredes, porque a Conselleira non quere poñer en funcionamiento a escola estes meses, non será por capricho. Imaxino que é así e hai que darrle o beneficio da duda. Ten que haber algúun problema e hai que ser sensatos e ver as cousas como son e neste intre a posta en funcionamiento dunha escola é posible que a obra esté rematada pero poden faltar detalles como que non hai orzamento. Implica á administración, non sei si o Concello de Ares ten os deberes feitos, hai un coste municipal, uns compromisos de mantenemento e non sei si está feito esto; non é tan sinxelo. Debía haber unha comisión e ver cómo está a situación real a día de hoxe, descoñezo o motivo real, non sei si é por orzamentos, por outro tipo de asuntos que se reflexan no convenio e poden influir ás dúas administracións neste caso, e creo que, quero pensar, polo menos que se non hai más razóns, haberá un motivo suficiente para non poñer esto en funcionamento en decembro.

Creo que non hai más custiós, nin hai eleccións, ni hai que vender nada, e cumplirían coa palabra abrindo a comezos de ano, quero entender que hai outro tipo de problema que ó mellor nos pode decir o Alcalde que estivo a solas coa Conselleira no seu despacho e ó mellor



sabe algo máis e eu non sei o que se dixo alí e ninguén comentou nada e nin se levou a comisión nin nada e si é verdade que hai partidas no orzamento como dí o BNG non sei si se fixo esa modificación e non hai partida suficiente, non sei si os deberes nosos non sei. Son outro tipo de cuestións, de tipo importante. Creo que hai que darles un marxe de confianza e o meu voto vai ser negativo á Moción, exceptuando que o Alcalde nos informe doutra cousa pero eu cos datos que teño aquí, a miña posición é a que dixen.

Toma a palabra o voceiro do P.P. D. Manuel Cendán: "O plantexamento coincide co tema de Sogama. Decir que ese edificio se rematou en agosto e falla o mobiliario e non se deixou partida orzamentaria para esto e se pode facer modificación de crédito pero eso leva tempo e sí teño claro que cando estiven presente a Conselleira dixo de poñela en funcionamento a finais de ano ou primeiros do outro. Claro que nós temos que esixir a inmediatez da posta en marcha pero se non se cumple. Temos claro que é necesaria abrir e temos que esixir que se abran as dúas aulas de primaria no colexiño infantil que ahí está eso parado e o falaremos en rogos e preguntas e sí temos que ter claro que esto leva tempo, e poñer en funcionamento esto ten uns trámites administrativos. Creo que entendín eso, non sei si entendín mal pero a Conselleira se comprometeu para finais de ano, comezos do outro, e creo que é un tempo prudencial e que non se dilata no tempo, xa que a obra acaba de rematarse e nuns meses se porá en funcionamento e os que coñecemos a administración estes meses non son tempo."

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: "O que se refire ao contido da Moción que se describe hai varios temas, a obra non é que esté rematada, Kotlas a entregou o 28 de agosto á Xunta, a parte de Kotlas está rematada, cando se remata un edificio e se entrega ao promotor fallas más obras, hai partes do promotor. Kotlas se retrasou na execución, eran 8 meses dende outubro e en maio tiña que ter entregado a obra e a entregou o 28 de agosto, tampouco pasa nada, é moi razonable.

Entregada a obra o 28 de agosto hai un prazo de garantía, lóxicamente o promotor a Xunta de Galicia, ten dereito e o fixo tratándose dunha obra destinada a nenos ten que facer inspeccións e ten un período de 30 días para rexistar ou non a recepción, en función de posibles defectos. Se isto foi o 28 de agosto, e se eu encargo a miña casa eu estou mirando todo un mes e máis si é unha galescola para nenos e teñen 30 días, nos poñemos no 28 de setembro. A partir de ahí a parte de Kotlas está xustificada, rematan a obra, a entregan e a xuízo da Xunta está ben, supoñemos, porque estamos a 24 de setembro e non oin que rexistarán a recepción, me imaxino que elevarán a acta a definitiva porque a obra está ben; hai



que amoblar, contratar o persoal, hai que dala de alta en Fenosa e efectivamente algúns temas que son de competencia municipal que ainda hai que supervisar.

Hai que supervisar a apertura de portas traseiras de domicilios privados á área de recreo, tiven unha reunión o pasado venres ás sete da tarde cos propietarios e hai quen non ten problema en tirar a porta e poñer bloque, hai quen quere que lla solden e hai quen cree que ten dereito a ir a esa área de recreo, efectivamente, cando hai unha inspección xurden inconvintes.

Eso se solventou, podedes apreciar que diante desas portas hai unha verxa e se precintaron todas as portas e tivemos que abrir o expediente administrativo e o proxecto de Fenosa pois é unha auténtica, non sei como definilo pero é un atraco a man armada, Fenosa por dar de alta ese edificio quere cobrar 9.000,00 € é de coña.

Efectivamente entre que se entrega o 28 de agosto, recepción o 28 de setembro, mobles, persoal, precintado de accesos á area de recreo, hai que dala de alta en Fenosa, estamos moi xustos para poñela a andar en setembro. Cando se me consulta da posibilidade de que non abra ata decembro, hai un retraso de dous meses, na posta en funcionamento porque Kotlas se retrasou dos meses na entrega tiña que ter entregado en maio xuño e entrega en agosto. Eses dous meses de retraso da entrega por parte da empresa á Xunta tamén retrasa.

Si Kotlas entrega en xuño, abría en setembro fixo, como efectivamente están abrindo todas as que estaban listas. O problema é que a de Ares non estaba lista e o prazo de recepción remata o día 28 de setembro. E abrir unha galescola sen todas as garantías non é prudente. Creo que lóxicamente a galescola quedou moi ben, o sitio é estupendo, soleado, hai zonas de esparcimento, aparcamento, está no pobo é unha maravilla que abre en decembro pois a tiñan que ter entregado en xuño e entregan en agosto, se retrasou dous meses a apertura e vai abrir en decembro.

De quén é a culpa, de todos, de Kotlas que non entregou en xuño, da Xunta de Galicia, porque ate que está recepcionada non pode facer nada e do Concello, xa que ate que a Xunta me diga xa a teño, dala de alta en Fenosa, agora non podo dala de alta en Fenosa ate que a Xunta recepcione e a acta sexa definitiva.



Lóxicamente non podo entrar ate que remate o traballo de Kotlas e a Xunta tampouco. Este traballo se retrasou dous meses. A min me parece razonable, abre en decembro qué se vai facer, ogallá fora en setembro pero cando comezas as obras pois ás veces pasan estas cousas, por iso, temos unha situación medianamente razonable.

Temos un compromiso de que vai abrir en decembro e efectivamente a Conselleira o manifestou públicamente nunha nota de prensa e hai eso, ainda foi recepcionada o 28 de agosto, e xa non se chama galescola é galiña azul. E xa non vai formar parte da Consellería de Traballo senón á de Educación, como tamén é un tema que vai ter competencia cinco meses, porque pasa á consellería de Educación e a de Traballo non vai ter competencia. Non é unha galescola senón que é unha galiña azul. Eu non teño nada que obxectar máis que a realidade e si efectivamente na Moción se lle chama galiña azul, non podes pedir que abra o que non existe, non hai galescolas, galiña azul de Ares.

Moción ao Pleno do Concello de Ares, Solicitar ao Pleno do Concello de Ares a posta en funcionamento do centro que a rede galega de escolas infantis construído en ars.

No título, xa non hai galescola en ningún sitio. Se chama rede galega de escolas infantís, se lle cambiou o nome e logo pois eso solicitar da Xunta de Galicia a inmediata posta en funcionamento do centro correspondente á rede galega de escolas infantís construída en Ares. Xa dixen que toda a responsabilidade non é da Xunta de Galicia.

Intervén a Concelleira Dna Belén Abeal Pérez: "Pois tamén cha pido a ti."

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: "Eu non podo dar de alta Fenosa sen a recepción da obra, cando a min me digan xa a recepciones eu a dou de alta Fenosa."

Intervén a Concelleira Dna Belén Abeal Pérez: "Para a semana que ven. Dixeche que o día 28 remata o periodo de seguro."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Eu non sei como é que o levan eles. Eu para ser xusto, prefiro que lle solicites á Xunta e ao Concello porque efectivamente non é razonable cargar as tintas cando tamén deberíamos ter que esixir a Kotlas a entrega en xuño"

Intervén a Concelleira Dna Belén Abeal Pérez: "Estamos falando dun mes de retraso das obras."

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: "Dous meses como mínimo. Setembro xa non o contamos, outubro e ate maio, xuño xullo e agosto. Se a entregara en xuño seguro que tiñamos que esixir abrir en setembro pero se retrasaron tres meses, a entregaron o 28 de agosto, se recepciona o 28 de setembro polos prazos de garantía da Lei de Ordenación da Edificación, a mirarán, ahí vai haber nenos, terán que facer o que sexa, eu non o sei, eu nada



máis recepcionei o piso onde vivo, e non saltei en ningunha habitación pero me imaxino que cando ti, recibiste este Concello tiveste un mes para facer probas, porque é un edificio público. E eu nese senso cargar as tintas na Xunta non lles vexo culpa independentemente de que efectivamente ten que haber galescola pero houbo un retraso de tres meses na entrega da obra."

Toma a palabra a Concelleira do BNG: Dna Belén Abeal Pérez.- "Cómo que ti non lles ves culpa. O que falta é o mobiliario e o persoal, eso no é cousa do Concello, se queres ti que che vote as culpas chas voto, non teño problema, pero vamos ver, o de Fenosa, pois lóxicamente tardará como moito un mes, pero non é o mesmo comezar a funcionar a Galescola en outubro que en decembro, porque os nenos teñen que ir a algúns sitios estes meses e vanse matricular en centros privados e non van cambiar logo. Levamos moito tempo agardando e menos mal que a cazamos empezada que senón non nos tocaría; menos mal que fumos rápido que senón nin esas tíñamos agora. Non se pode estar cun edificio totalmente listo e sen comezar."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Non está listo Belén."

Toma a palabra a Concelleira do BNG, Dna Belén Abeal Pérez.- "Temos que ser máis áxiles e non deixarnos levar polo de que non hai persoal, pois buscádeo. Nós xa fixemos o que había que facer."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Dende o intre en que a Xunta recepciona a obra a partir de ahí, comeza o seu traballo e iso si aconteceu, que non o sei, como moi cedo foi o 28 de setembro. É decir ainda fallan catro días para efectuar a recepción, me imaxino que o 28 se fai entrega da obra, e que a Xunta cos seus técnicos teñen un mes para ver. E víñ que había portas de chalés privados ao lado e me imaxino que ahí hai escaleiras, ventás e logo falla que lle solicites o alta a Fenosa e que eses veñan a dala.

Porque aquí hai edificios e temas onde se lles solicitan cousas a Fenosa e é un escándalo. Só hai que ver o dos postes do Mazote, que fai meses que se pedíu que os quitaran e nos queren cobrar 9.000 €, por iso eu non cargaría tanto as tintas nesa responsabilidade porque non vexo mala fe por ningún sitio, e non teño por qué defender á Xunta de Galicia, pero igual que o bipartito con Vicepresidencia cando se lle pedíu a Galescola e o Centro de Día, foron do más áxiles que se puido ser e houbo retrasos porque é normal, porque os Convenios teñen



que ir á asesoría xurídica e disto falamos aos dous meses de ser eu Alcalde e se fixo a cesión dos terreos e máxime cando se decepciona unha obra o 28 de agosto e suguro que nin había técnicos porque estaban de vacacións, como édereito en España. Eu non vexo esa situación. E non teño nada que obxetar á Moción e efectivamente vosoutros traedes a Moción e facedes o que se considera oportuno. Creo que efectivamente pedíuse, ela comentou e se comprometeu a abrir en decembro, a finais de ano e podemos decir eso; solicitar á Xunta de Galicia á posta en marcha da Galescola en decembro, como se comprometeu no viaxe no que veu aquí, ese é o seu compromiso antes non o tiña porque non dependía dela e a Kotlas hai que esixirlle porque se retrasou tres meses.

Intervén o Concelleiro D. Manuel Cendán.- “Eu quero intervir un intre, creo que quedou claro logo da exposición que fixo o Alcalde a situación que hai e os que temos experiencia en administrar sabemos que por un lado está a obra civil e administrativamente se está en funcionamento en decembro é un éxito. Hai más exemplos aquí, como a piscina municipal, que leva tres anos contratada e ainda non está lista. O Porto deportivo, a Autovía Ares Mugardos, que tardou seis meses en abrirse logo de estar rematada e aquí hai outros matices, que son os políticos e que si a escola abre en decembro, creo que bastante áxiles son e podemos poñer exemplos de calquera administración e poñer unha obra en funcionamento tarda como mínimo dous anos, como comprobamos coa piscina municipal”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Belén creo que sería razonable, si te parece ben e o grupo socialista a votaría sen problema: Acordo.- “Solicitar da Xunta de Galicia e do Concello de Ares a inmediata posta en funcionamento do centro correspondente á rede galega de escolas infantís contruida en Ares”, e eu así neste senso non hai ningún problema, me parece xusto, non cargar as tintas na Xunta de Galicia.

Toma a palabra a Concelleira do BNG, Dna Belén Abeal Pérez.-“Eu prefiro deixala tal como está, aquí xa cho pido directamente.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Eu non lle puedo solicitar á Xunta a inmediata posta en funcionamento, cando eu non teño feito cousas que teño que facer e mañá me responde na prensa dala de alta en Fenosa, porque eu esta Moción lla vou enviar á Consellería, e me van respostar así, con razón. Non é razonable. Me parece más razonable enviarlle á Conselleira, solicitar da Xunta e do Concello de Ares e o Concello tamén, pero xa digo, Conselleira ábreme



de inmediato a Galescola e me dirá dala de alta, e ese ridículo na prensa non me apetece pasar por el."

Intervén o Concelleiro voceiro do NAL D. Luís Cendán,- "Alcalde se me permite, e sen ánimo de polemizar creo que non se pode cargar en Kotlas a culpa porque douis meses nun retraso da obra de douis meses, non é retraso, estamos rizando o rizo."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Os nenos non entran en setembro."

Toma a palabra o Concelleiro voceiro do NAL, D. Luís Cendán: "Un retraso de douis meses ou un e pico nunha obra é o normal, e sempre vai haber retrasos, eso xa se conta cun marxe e en ningunha obra e neste pais a día de hoxe se cumpre coas datas. Claro que o ideal sería tela funcionando en setembro."

Intervén o Alcalde-Presidente: "A galescola se non está aberta en setembro é responsabilidade da Xunta, do Concello e de Kotlas tamén."

Intervén o voceiro do NAL, D. Luís Cendán.- "Quero decir que douis meses non é retraso."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Pero temos unha Moción do BNG neste sentido".

Intervén o voceiro do NAL, D. Luís Cendán: "Te digo a de Kotlas como te digo da Xunta como do Concello. Unha Modificacián de crédito non se resolve nun día. Qué estamos falando aquí. Ogallá se puidera poñer e claro que hai fallos, pero por calquera imprevisto se retrasan as obras."

Toma a palabra a Concelleira do BNG, Dna Belén Abeal Pérez..- o da Galescola non é algo que ocurra agora nin en Ares só. Era unha rede que se estaba abrindo en toda Galicia e non me digades e que agora non da tempo a facer unha modificación de crédito, hai que previlo antes.



Polo anterior goberno non se fixo pois se fai agora, se estivésemos nós estaría feito, hai que previr. Esto se fixo en marzo de 2.008.

Intervén o Alcalde-Presidente: "cando se trouxo ao Pleno a Galescola pedíchedes que se deixara sobre a mesa e se non se comezara pola discusión do emprazamento, non habería nada."

Toma a palabra a Concelleira do BNG, Dna Belén Abeal Pérez.- Cando se fai unha obra quero o mellor emprazamento. Sen presas e con tempo.

Intervén o Alcalde-Presidente: "gracias a que non se vos fixo caso porque de facervos caso se retrasaría e sería moito peor. En tempo sucesivo, é acumulativo."

Toma a palabra a Concelleira do BNG, Dna Belén Abeal Pérez.- Era un mes más como moito.

Intervén o Alcalde-Presidente: "Xa non se entregaría o 28 de agosto perderíamos un mes. Cómo que non."

Toma a palabra a Concelleira do BNG, Dna Belén Abeal Pérez.- Falar da ubicación da galescola tí ou o que é a Corporación tiña algún problema.

Intervén o Alcalde-Presidente: "Estábamos interesados todos e cando se consorcia son responsabilidades compartidas."

Toma a palabra a Concelleira do BNG, Dna Belén Abeal Pérez.- Estamos para traballar e se había que facer un Pleno extraordinario, se tiña que facer e escoller o mellor sitio, sen retraso, é falso.



Intervén o voceiro do P.P. D. Manuel Cendán “Eu quero facer unha reflexión, son dúas infraestructuras coordinadas o Centro de Día e a Escola Infantil, qué, o centro de Día non ten prisa.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Nós actuamos cando hai recepción”

Intervén o voceiro do P.P. D. Manuel Cendán: “Desto tampouco hai recepción”

Toma a palabra a Concelleira do BNG, Dna Belén Abeal Pérez.- “Sí, o 28 de agosto”.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Perdoa Belén, é unha recepción provisional. Non está a do Centro de Día e á da Xunta faltan catro días, non vexo mala fe.”

Votamos a Moción do BNG onde como Acordo postula:

Acordo.- “Solicitar da Xunta de Galicia e do Concello de Ares a inmediata posta en funcionamento do centro correspondente á rede galega de escolas infantís contruida en Ares”

Sometida a votación o Concello Pleno por 7 votos a favor ( 2 BNG e 5 PSdeG-PSOE), E 6 votos en contra acorda prestarlle a súa aprobación.

Acto seguinte polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase si algún grupo ten algúna Moción máis para someter o Pleno pola via de urxencia, non presentándose ningunha.

**PUNTO NÚM. 8.- ROGOS E PREGUNTAS.-**



Intervén o Concelleiro D. Manuel Cendán Fernández.- “A primeira pregunta é a ver si se nos explica cómo está o tema da escola infantil, que acabamos de falar do tema, das aulas de primaria, da modificación ou a expropiación da parcela anexa ao colexio. ¿Fixéchedes algo ou non? No CPI estamos cunha partida de 100.000 € da Xunta para a ampliación das aulas e estábamos entre expropiación ou modificación.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Os propietarios non venden e non hai más vía que ir a unha expropiación e hai que ter título. O título é unha habilitación urbanística no Plan e non temos Plan e temos que facer unha modificación das NNSS e teñen que modificarse para incorporar esta parcela como equipamento, e iniciáramos un expediente de urgente ocupación. As modificación puntuais teñen que ir á Comisión de Urbanismo e ainda non foron porque teñen que pasar evaluación medioambiental estratéxica, falla un documento, cando teñamos a avaliación medioambiental xa estará o expediente completo para iniciar a tramitación no Concello. Unha vez que teñamos este terreo como equipamento é rústico e non se pode construir nel o novo edificio de infantil entón, neste terreo rústico se vai poñer a pista e onde está a pista que é urbano se constrúe o novo colexio. Como este terreo de equipamento non ten volume de edificabilidade por sí, pode ter unha parte o trinta ou corenta por cento. Entón o volume de edificabilidade que ten, o 40 % non da para un edificio de infantil pero sí para unha pista. E a pista si chega e alí se constrúe o novo colexio. Non hai outro xeito logo de darlle mil voltas non atopamos máis solución que esta.”

Intervén o voceiro do P.P. D. Manuel Cendán: “Xa o falamos nas resolucións no tema da renovación de catro contratos laborais e o tema de Oscar, qué tipo de contrato se fixo, cómo se ampliou.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Oscar entrou a traballar nun plan de cooperación, e cando efectivamente rematou ese plan estaba de baixa o capataz e estaba de baixa Santi, e precisábamos xente, efectivamente continuou, cunha prorroga de seis meses, e o capataz e Santi se deron de alta e agora voltan a estar de baixa e no taller non pode haber dúas persoas de baixa, e se fan prorrrogas de seis meses, e agora voltan a estar de baixa e dende logo esas persoas cando están de baixa os gastos que soporta o Concello disminúen e asumimos só os costes sociais e aforramos o salario e estes salarios, logo de tódolos anos de experiencia que teñen da para pagar o soldo de Oscar e outros que cobran menos. Efectivamente esas baixas teñen que cubrirse, están Antonio, Santi e o Capataz de baixa e o taller non anda.”



Intervén o voceiro do P.P. D. Manuel Cendán “En vez de facer contratos de seis meses, pois polo tempo das baixas.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “É un absurdo dar altas e baixas, agora veñen agora se van cubres o servizo e que estén de baixa o tempo que precisen para curarse totalmente e se incorporen. Non molestas o servicio e o seu soldo me da para pagar ao traballador de alta, e o tema é ese.”

Intervén o voceiro do P.P. D. Manuel Cendán: “Xa fai meses que se dixo no Pleno que na travesía Luna coa R/ Anxos fai tempo que había uns árbores e se romperon e os coches se metían alí e xa falamos de repoñer eses árboles, na rúa que vai dende os Anxos fronte a casa de Arturo Fuentes, na bocacalle, e había uns árbores e os coches aparcan e os romperon porque eran pequenos, hai boquetes e se podían plantar dous árboles e non custa nada. Na R/ Ramón Pimentel se están executando obras e na que sube á man esquerda hai unha entrada ás vivendas e está desfeita e xa falaban os veciños conmigo polo tema xa cando era eu Alcalde, e había que tomar medidas.”

Intervén o Concelleiro D. Francisco García Prego: “De momento hai que agardar.”

Intervén o Alcalde-Presidente.- “Non é unha obra dun POS.”

Intervén o voceiro do P.P. D. Manuel Cendán – “Por parte do Persoal do Obradoiro de emprego se están executando obras como sustitución das cubertas dos lavadoiros e creo que ahí temos reponsabilidade e pouco coñecimento da gravidade da situación e eu non quisen utilizar iso e ter eso así sen medidas de seguridade e sabedes que hai unha normativa para a sustitución da uralita e se fixo por parte destes alumnos sen medidas de seguridade e sen estar preparados e hai que ter coidado con isto, e non sei quen é o reponsable de seguridade da Escola Taller e iso é grave. Hai que ter control hai empresas que se adican a isto e podemos ter reclamacións dos alumnos.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Manuel non é unha escola taller, é un obradoiro e non é en formación, é xente cualificada e ese traballo o fixeron os más cualificados, os más maiores



e supervisados e as uralitas que se restiraron foron tratadas a través do tratamento de residuos oportunos. Igual que cando o fixemos en Santa Catalina que ameazaban caerse unhas placas de uralita suxeitas nuns pilares con aluminosis, e tamén fun eu persoalmente e estiven alí tirando aquello que foi aos dous días de entrar na Alcaldía. O volume de uralita son dous paneis. Non entra dentro dos índices de perigosidade á uralita, e os traballadores do concello teñen obrigas no eido dos Riscos Laborais, e terán que poñer mascarillas e guantes que efectivamente ao mellor nun momento dado dase algunha situación desas. Eu dubido porque está supervisado e hai un plan de riscos.”

Intervén o voceiro do P.P. D. Manuel Cendán: “O tratamento que leva eso conleva unha profesionalización especial, un equipo especial de roupa e mascarillas e iso ten un tratamento especial e o digo porque é así, porque se pode armar gorda con este tema. Noutros sitios nas fachadas cando se unifican as casas iso xa prefiren deixalas postas porque é un follón, e conleva moito. A uralita hoxe está moi mirado e ten que ser por xente cualificada.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “te digo que foi xente perfectamente cualificada e non é unha escola é un taller de emprego con profesionais cualificados.”

Intervén o voceiro do P.P. D. Manuel Cendán: “Cómo se atopa o servizo de axuda no fogar, se hai queixas, se renovou o contrato á empresa e si o servizo funciona ben.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Non temos nese sentido pois un coñecimento de que a situación sexa peor, entón creo que foi unha decisión que no seu intre se tomou. É unha decisión que está vestida de provisinalidade porque na RPT se van crear unha serie de prazas e en consecuencia a situación é positiva e nos vai axudar a solventar esta espera ata ter aprobada a RPT e ver o número de prazas fixas que se van convocar.”

Intervén o voceiro do P.P. D. Manuel Cendán: “No mes de agosto non houbo actividade municipal, non houbo comisións nin pleno ordinario e revisando as actas houbo catro comisións de goberno no mes de agosto e con temas intrascendentés e creo que se vosoutros facedes e se hai actividade para todos a hai e non para uns poucos. Se paramos o mes de agosto paramos todos e se non pois non, como o pleno ordinario.”



Intervén o Alcalde-Presidente: "A comisión de goberno ti sabes cómo funcionan e ti en agosto as facías. En consecuencia é un acto de trámite e é de xestión ordinaria para non paralizar o Concello, e se fan para actos de trámite e de xestión ordinaria é o único que mantén viva a institución en agosto, a única actividade que hai é ese órgano que é o órgano de goberno e efectivamente se ainda por riba non facemos comisións de goberno e que a parálisis é total, hai diminución de actividade en agosto por vacacións e así como as outras vacacións teñen dependencia clara do funcionario que toma as actas a convocatoria e tal e dependen del, e a Xunta de Goberno depende de mí a convoco eu e non depende que saia de vacacacións Carballo ou manolo, eu convoco e os concelleiros acuden. É normal que diminúa a actividade. E ten que quedar actividade un Alcalde en funcións ou funcionarios en quen deleguen. Por iso o secretario das comisións é Carballo. Eu estando de vacacións veño un día pero non vou vir todos"

Intervén o voceiro do P.P. D. Manuel Cendán: "Si queda unha persoa no teu lugar, queda outro."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Tes que respetar porque estando de vacacións veño un día e non estou disposto a vir tódolos días. É razonable que diminúa a actividade, é lóxico."

Intervén o voceiro do P.P. D. Manuel Cendán: "O sábado pasado houbo unha festa cunha orquesta e non fixéchedes invitación nin se informou en ningunha comisión e non sei a canto ascendeu a esta."

Intervén o Alcalde-Presidente: "11.000 e pico. Ten un caché moi alto das mellares de Galicia e a fixemos en setembro porque baixa o caché, en agosto e xullo sería imposible, é unha festa de fin de verán que tenta ser un plan de choque este ano porque houbo un verán moi malo para a hostelería."

Intervén o voceiro do P.P. D. Manuel Cendán: "temos outra proposta Julio, que é para que o repartas entre as comisións de festas de Ares que houbo festas bastantes mediocres este ano, e era mellor, que estando a xente de vacacións disfrutan máis, e o agradecería as comisións e é difícil poñerse ao frente de ir pedir polas casas, e por parte da institución eses cartos virían ben que estas festas de agosto serían mellores e de más calidade."



Intervén o Alcalde-Presidente: “O Concello colabora con tódalas comisións en profundidades. As festas son das comisións do Carme de San Roque e o Concello colabora a morte e a excusa para vir a Ares non é a festa é que estou de vacaións e teño unha casa, onde se precisan escusas é en setembro e efectivamente a idea ten como base instar unha especie de prolongación de verán cunha data a maiores cunha orquesta moi boa para que efectivamente haxa actividade económica no pobo”.

Intervén o voceiro do P.P. D. Manuel Cendán: “a xente ven a Ares ás 10 da noite ou ás 11 e ven a orquesta e paran os que paran e outros se van. O mesmo que o día das alfombras.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Non había onde tomar un café.”

Intervén o voceiro do P.P. D. Manuel Cendán: “é pouco tempo, o mes de setembro normalmente estar nunha terraza non apetece, agora houbo sorte de ter un bon setembro pero creo que a idea nosa á eses cartos repartirllos ás comisións e facer mellores festas. É a nosa idea, polo tema de quitarlle máis lucro e que a xente disfrute desa inversión.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Esta festa é unha das actividades consensuada coa asociación de hosteleros e restauradores de Ares e coinciden en que hai que alongar máis o verán e este verán foi moi malo e isto lles axudou, e se trata de facer máis actividades que xeren riqueza e se colabora tamén coas comisións e isto alonga máis o verán e veu moita máis xente que o pasado ano e houbo actividade económica e aparte da actividade lúdica que é ofrecerlle aos veciños de Ares unha xornada lúdica aos veciños pero tamén veñen veciños de Ferrol e comarca e Ares se enche como o correo día das alfombras e se xera actividade económica e é a industria que temos en Ares e a tomamos como unha medida de apoio á hostelería de Ares.”

Intervén o Concelleiro D. Luís Cendán.- Creín que fá intervir o voceiro do BNG. Máis que nada saber cómo están unha serie de asuntos de maior importancia para nós, como son a senda peatonal da carretera Ares Redes, carretera Ares Chanteiro, Auga Ares-Cervás, informar sobre a petición, que non foi a comisión da petición do obradoiro de emprego á Consellería, en qué fase está o centro de saude e sobre todo decir si é verdade que parece ser que a proposta



da RPT anda polo Concello que algúns voceiros a ten na súa posesión e eu non sei nada e quero que me fagan un avance e aclarar si incluso se repartiu o proposta da RPT.

Intervén o Alcalde-Presidente: "A primeira pregunta, a senda peatonal da carretera Ares Redes, evidentemente a intención é que tanto a estrada a Redes, como a de Chanteiro estén dotadas de elementos viarios de seguridade igual que a estrada cara á piscina, a estrada a Franza, para esta xa hai un proxecto, de 2500000 € presentado pola Conselleira Sra Caride cando visitou Ares e que contaba cun carril bici e melloraba os elementos viarios e ahí non había beirarrúas e houbo un accidente moi dramático fai pouco e hai ese proxecto sobre o que hai que preguntarlle á conselleira que encargou o proxecto e o presentou, e mellora o acceso á piscina vital para Ares. Logo a Deputación tamén fixo u proxecto para a Senda peatonal Ares Redes e outro proxecto para incorporar unha senda peatonal de Ares Chanteiro, e fixo os dous proxectos están redactados e hai que priorizar un antes e outro logo, porque a Deputación reparte os recursos entre tódolos concellos da provincia e con un moi bo criterio se priorizou o de Chanteiro, e creo que Redes xa leva inversíóns que xa quixéramos desecar para o noso casco urbán e gobernamos para todos e esa senda peatonal a Chanteiro é moito más importante que a senda a Redes, porque o tránsito é moi distinto, Redes é un pobo que vive moi pendente de Pontedeume, Cabanas, Fene, e os intercambios económicos con Ares son más dende Chanteiro, e hai que priorizar. Ademais esta senda coincide cun desgaste da estrada pola obra da EDAR e van meter os colectores e vai quedar feita un círio por moito que se faga, vai quedar mal, é un motivo razoable para priorizar Ares-Chanteiro, más que Ares-redes que hai un volume importante de inversión e hai que rpartir, tamén se vai facer, pero hai que repartir. O proxecto de Ares a Redes está feito e si o Presidente da Deputación pregunta a de Chanteiro é más urxente, más cara tamén, ascende a 3.000.000 €.

O centro de saude, o bipartito encargou un proxecto a unha empresa que entregou o proxecto o 26 de marzo do 2.009 e ainda gobernaba o bipartito, e dende entón ten no seu poder o proxecto do novo centro de saude. Houbo un cambio de governo e ten un compromiso porque o convenio está asinado coa Xunta goberne quen goberne en virtude do cal a Xunta se obriga a facer un centro de saude e dende o 26 de marzo está entregado e ademais hai unha autorización de gasto dende xaneiro para con 60.000 € ir arrancando o Concello vello para que faga de centro de saude mentres se fai o novo. Eu entrei en contacto coa Conselleira de Sanidade e co Xerente da área Hospitalaria, se visitou Ares e hai a autorización de gasto, o proxecto e hai un convenio asinado; teñen que facer o centro de saude. A mi me parece razoable logo dun prazo, nomearon os directores xerais, pasou o verán e creo que xa é o intre de preguntarles cando comezan as obras e tiña unha entrevista con Luis Verdes, xerente da área hospitalaria e tiven por problemas persoais que anulala pero hai un compromiso e teñen que comezar as obras e agardo que a resposta sexa satisfactoria e senón como explican que tendo o proxecto e a autorización de gasto e o convenio non o



cumpren. É o gran reto do Concello de Ares para o ano 2.010, o Concello aquí ten todo feito cedeu terreos, xestionou autorización de gasto e presionou para que se redactara o proxecto e agora é a Xunta a que determine cando vai comezar esa infraestructura.

A RPT está redactada por unha empresa contratada pola Deputación que nos aforrou estes cartos e en consecuencia houbo unha empresa que fixo estos traballos e se nos entregou a RPT cando, en agosto, eu efectivamente tiven a oportunidade de falar da RPT co voceiro do BNG, por qué primeiro con él, porque posiblemente teña que chegar a un acordo para aprobala xa que dalgún xeito somos cinco e temos que ser sete. A primeira opción de goberno foi o BNG e sí falei con él e si puxen o docuemnto da RPT a disposición del con todas as consecuencias, xa que é o grupo co que este goberno vai tentar sacar a RPT a diante, sen prexuizo de que cando se abra o debate se leva á Comisión a debatir co resto dos grupos, e sí é certo de que non vou ignorar o interés o BNG dende hai moitos anos pedindo unha RPT e que sexan os primeiros en coñecela xa que foi unha batalla que eles plantexaron e é factible sacala a diante con eses votos.”

Intervén o voceiro do P.P. D. Manuel Cendán: “Eso non é darlle información a un grupo non, hai que darlla a todos, non me parece ben.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “eu inicio os contactos, non vos nego a información, eu digo que primeiro entablei contactos co BNG, perdoa o informe é un documento técnico ao que hai que meterlle unha impronta política e pactaremos BNG e PSOE o contido, e elevaremos a información o documento final.

A míni a empresa entregouma unha RPT e non vamos ter a RPT que me entregue unha empresa e vamos ter a que queramos os políticos. E eu estou ou vou tentar consensuar este documento co BNG e logo eu o traio á votación. Que para que o votes ti haxa que cambialo se cambia pero me parece unha referencia ter en conta as reiteradas peticións do BNG sobre a RPT e unha vez que a teño non é razonable que sexan os últimos en enterarse e máxime cando teño que negociala por unha posible presunta negativa que intúo no resto dos grupos, pode ser, pero logo dos últimos orzamentos a dinámica do Partido Popular é distinta, ó mellor estou equivocado, pero bueno.

En consecuencia a RPT eu non sei si o voceiro do BNG a víu ou non. Eu a puxen á súa disposición para que fixera nese senso as aportacións que considere importantes. Era agosto,



era verano e estábamos de vacacións. Contactos non houbo agora non te vou mentir, a puxen a disposición do BNG, claro que sí.

Sobre a petición do Obradoiro de Emprego, solicitouse en maio xuño, e non paso por comisión, é unha solicitude previa, e hai que redactar proxectos e moita documentación. Nós o que fixemos foi como un preaviso de que estamos interesados en concretar un novo taller de emprego para o vindeiro ano, cando nos pidan as obras que vamos incorporar, as persoas,etc, lóxicamente vai pasar por comisión. Sí que estamos en contactos.”

Toma a palabra o voceiro do NAL, D. Luís Cendán: “eu me enterei pola prensa.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Efectivamente é unha solicitude sen contido porque os proxectos ainda no están redactados, que eu recorde, e teñen que ir a comisión, no castelo de San Martín ( forma parte do entramado do ferrol da Ilustración) e non ten que ver coas baterías de Chanteiro e é da mesma época que o de San Felipe, do Ferrol do século XVIII, forma parte da candidatura de Ferrol a patrimonio da Humanidade, se vai facer un invernadoiro para traballar a flor en Ares, recordábamos ás veces a flor que había nos balcóns e se está perdendo e se trata de que a xente volte a ornamentar os seus balcóns con flores e iniciativas de compostaxe e os proxectos están sen definir e vamos se fixo esa primeira aproximación e cando teñamos tódolos proxectos que os fará unha enxeñería irán a comisión.

E non tendo más asuntos para tratar e sendo as trece horas e coarenta minutos do día ó comenzó sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,